

XOSÉ MANUEL CARBALLO

# CONTRATO NULO



EDICIONES DO CASTRO

narrativa



Foto: Purriños

Nacéronme en Samartíño de Goberno do Concello de Castro de Rei, da Terra Cha de Lugo aló polo ano 1944 mentres eu durmía. Agradézolles moito a cantes tiveron que ver cun feito tan trascendental para a miña vida que tomasen esta decisión por min, pois eu non me sentía capacitado para facelo.

Polo ano mil novecentos sesenta e tantos optei en serio por ser cura e desde aquela seguín renovando esa opción moitas más veces a pesares de certos anticlericalismos que poden ter a súa parte de razón. Tamén optei por exercer de cura no mundo rural galego, que é o que mellor coñezo e o que foi conformando boa parte da miña identidade.

Non debe ser moi frecuente que un cura escriba sobre meigas, pero tampouco será tan estranxo nunha Terra Meiga de por si. E ademais, se cadra, ata acaba sendo un libriño cun certo fondo de relixiosidade... ti verás, se chegas ó remate. En calquera caso, graciñas por achegarte a min.

*Xosé Manuel Carballo Ferreiro*

**EDICIONES DO CASTRO**  
**NARRATIVA**

**Xosé Manuel Carballo**

# **CONTRATO NULO**

**Apuntes biográficos dunha meiga, recibidos misteriosamente desde o alén nunha lóbrega noite de treboada, e noticia dos seus esforzos errados por salva-lo matrimonio dun afiador de Verín**

**Primeiro Premio de Narrativa  
do Excelentísimo Concello  
de Vilalba. Ano 1995**





**EDICIÓS DO CASTRO**  
Sada - A Coruña

© Ediciós do Castro  
© Xosé Manuel Carballo Ferreiro  
Cuberta e Debuxos: X. Vizoso  
ISBN: 84-8485-064-1  
Depósito Legal: C - 878-2002  
Gráficas do Castro/Moret, S. L.  
O Castro. Sada. A Coruña. 2002

# O NUEVO DIA

«O NUEVO DIA» CONSEGUEU ALMIRAR  
OLOS E OS DEBUXOS ESTAMOS EN O NUEVO  
DIA E ABREDEMOS NO ALBA ESPECIAL EN UN  
LUGAR ESPECIAL EN O NUEVO DIA. O NUEVO  
DIA Y EL NUEVO DIA SON LOS DIAZ DIAZ.

«O NUEVO DIA» CONSEGUEU ALMIRAR  
OLOS E OS DEBUXOS ESTAMOS EN O NUEVO  
DIA E ABREDEMOS NO ALBA ESPECIAL EN UN  
LUGAR ESPECIAL EN O NUEVO DIA. O NUEVO  
DIA Y EL NUEVO DIA SON LOS DIAZ DIAZ.



## PROEMIO

Coñecín a Xosé Manuel Carballo hai uns nove anos. Presentoumo o debuxante e deseñador Xosé Vizoso, en Santiago. Conxeniamos de seguida e coincidimos nunha chea de cousas. É un home culto, sensible, modesto. Practica arreo a solidariedade que dimana da súa condición humanitaria. Ama a Galicia e a súa terra chairega e é un fervoroso traballador da nosa cultura.

Naceu en San Martiño de Goberno, Castro de Rei (Lugo) en 1944. Dende hai arredor de trinta anos é cura na súa comarca (na actualidade atende seis parroquias). Foi profesor no seminario de Mondoñedo e segue séndoo no Colexio de Castro de Rei. Cando aínda non se podían dar clases de galego nin en galego el xa o facía. Ademais é xornalista, autor e director teatral, escritor, ilusionista e narrador de contos.

Publicou varias pezas teatrais coma «O Menciñeiro á forza» ou «Teatro para o Nadal»; vén colaborando na radio, na Televisión e na prensa, e como narrador deu a coñecer «Parábolas Chairegas» e «Don Otto de viaxe pola Chaira». Poderíamos engadir que gañou premios literarios, fixo investigacións sobre literatura popular, e reactivou na súa terra a tradición do entroido. Non é pouco.

Hai algúns anos divertímonos coas andanzas do arqueólogo alemán Don Otto e a súa dona Eurika, unha fermosa novela chea de gracia e imaxinación, un aporte singular, moi persoal, á nosa narrativa, de arrestora, un estudio etnográfico e unha guía turística do seu Concello. Unha metáfora do home que, ás veces sen darse conta, anda na busca de si mesmo. E todo cantado con esa gracia inconfundible do Xosé Manuel, con ese aquel de dicir cousas transcendentes con humor e con amor, co sorriso presto e a palabra precisa, pois utiliza un galego a un tempo culto e popular, moi no seu sitio, un galego que non é «de diccionario», senón de oído atento á fala de cada día do pobo do seu entorno, do pobo do que forma parte.

Os que disfrutamos da súa amena conversa; os que sabemos da súa calidade humana; os que o vimos no dobre xogo de contar contos ó tempo que nos deixaba pampos con impecables mostras da súa arte de prestidixitación (estivo por dúas veces no Centro Cultural de Gres e deixou en todos un recordo entrañable), sabemos que así é el: un carácter, un home fiel a si mesmo falando, escribindo, ensinando vivindo, procurando facer felices ós demais.

Pois con esa chispa tan súa, con ese estilo e esas maneiras de ser e de facer, entréganos agora «Contrato nulo», un relato que nos engaiola dende as primeiras liñas. Nel está Xosé Manuel Carballo coa súa imaxinación que reborda, coa súa prosa directa, coruscante, construída cunha riqueza léxica que nos confirma a súa autenticidade.

Un asunto, aparentemente sinxelo, vaise ence-  
rellando, abanéase entre o mundo e o trasmundo, e  
todo por un pauto que o afiador e cerralleiro Martiño  
asinou en mala hora e que o deixou «medio vivo e  
medio latente», porque lle levaron a alma. Nesa si-  
tuación vai tecendo unhas memorias nun caderno de  
tapas floreadas, que tras dunha forte tormenta apa-  
rece misteriosamente (neste relato todo é e non é  
«misterio») no cuarto do seu amigo Indalecio,  
campesiño da comarca vilalbesa.

Lendo esta narración cavilamos nas *Memorias póstumas de Blas Cubas* do brasileiro Machado de Assis, e nalgúns relatos de Fernández Flórez, e aínda en (García Márquez e Cunqueiro. Simples aproximacións, pois aquí salienta a retranca estilísti-  
ca do chairego.

Todo lle ocorreu o coitado afiador Martiño pola beberaxe que papou para viaxar de retorno á súa terra ourensá (onde a muller começara certo namo-  
riscamento), dende Torrijos, dacabalo dunha vasoura, xunto coa meiga Sabina, de Celanova (que voltaba dun aquellarre-congreso celebrado en Sevilla) a cal fíolle asinar un documento que foi a perdición do home da roda pois perdeu o seu espírito e... E non é do caso que eu conte a historia. Déixovos co autor.

**Xosé Neira Vilas**  
Gres, maio de 2001



oal svco sup-siderí alb abas so una o teido a ba  
estige eam obusie enume sonmee usoo e comom  
eles no vo esoy oh sibagun encub asteb  
anuestri dhoon mabatna leuplo acomen a a

## I.—Ningunha relación persoal é casual

Ben podería dicirse que coñecín ó Indalecio por un casual, pero os filósofos parece ser que están más polas causalidades ca polas casualidades, así que direi que coñecín a Indalecio porque o destino, ou quen fose, me sentou, á mesma mesa ca el nun feirón de Vilalba do mes da sega de hai non moitos anos.

Naquel primeiro encontro nin compartimos viño nin pan, só compartimos conversa, pouco trabada, preludio dunha amizade duradeira.

Andando o tempo confesoume que aquel mesmo día el intuíu que podería chegar a vincularnos un segredo, o mesmo que hoxe, accedendo ós seus desexos, ouso desvelar. Eu daquela malamente podería sospeitalo, e aínda é hoxe o día en que non dou entendido por que me escolleu precisamente a min para confiarme as súas intimidades. Tratei por varias veces de que mo explicase; pero resistese e tampouco quero forzalo a que o faga contra gusto.

Xa daquela non debía andar Indalecio lonxe dos sesenta anos, aínda que aparentaba más polo seu aplomo e porque, ó ser algo bandullán, tende a desgonzarse prematuramente. Poida que tamén contribúan a avelentalo os traballos pasados cando

para obter o pan de cada día había que cava-los montes e botar semanas enteiras arando nas agras detrás dunha xugada de vacas ou de bois.

Ós tres meses daquel primeiro encontro invitoume a ir á súa casa, unha casa ainda sen historia, que tampouco destaca entre as outras da parroquia. Fórона facendo seus pais aló polo mil novecentos vinte e tantos con moitos esforzos e coa axuda dalgúns parentes e veciños ós que souberon corresponder e paga-lo favor.

A casa é toda de cachotería de pedra, da pedra más común na Terra Cha, lousada ás catro augas e cunha soa porta carreteira, pola que podían entra-los carros cargados de herba para o gando ou saír acugulados de esterco para as terras de labradío.

Ata hai poucos anos abeirou debaixo do seu lousado a persoas e animais. Daquela as vacas durmían en mulido de estrume, tiña cada unha o seu nome propio e era recoñecida pola súa propia voz. Por cada verro de cada vaca sabíase se tiña fame, se andaba deshonesta, ou se berraba pola cría. Cando había que desfacerse dalgunha deixaba na familia un baleiro de tristura.

Agora as vacas da casa de Indalecio en lugar de nome teñen un número cosido á orella, dormen no frío chan de cemento, se berran ninguén as entende, están encadeadas de por vida, son máquinas productoras de leite e repóñense sen sentimento. Son unha peza más da explotación, pero non forman par-



te da familia, viven en cortes das chamadas modernas, un tris afastadas da xente.

Os cochos e as ovellas áinda seguen vivindo debaixo do mesmo teito que os humanos, pero xa non se mesturan os olores.

Parte desta casa foi reformada ó lor de botar fóra o gando maior; pero outra parte consérvase coma cando foi feita. Con motivo da reforma instalouse no primeiro e único piso un cuarto de baño, pensando inicialmente en ter servicio ó xeito para un caso de enfermidade. Dúas das tres habitacións foron divididas en catro; pero o cuarto grande non sufriu cambio, segue servindo de comedor para vinte invitados pola festa do patrón.

Pertence ó concello de Vilalba. Por discreción non direi en que parroquia está emprazada; pois non o considero pertinente nin necesario para o que me propoño relatar e transcribir, e iso que Indalecio non me impuxo ningunha condición cando me entregou as tres cintas casete gravadas por el mesmo para que eu lle dese a conveniente difusión ó seu contido.

Aceptado o compromiso de facer público o seu segredo, áinda demorei beiras de ano e medio en dispoñerme a darlle cumprimento, porque non acababa de liberarme de dúbidas. Despois de consultar con varias persoas de moita confianza, coido que non debo agardar máis, para evitar cargos de conciencia.

## **II.—As noites de trebada preludian amencerces imprevisibles**

Feita esta breve introducción, vou ó caso de que, polo que Indalecio me contou e polo que eu mesmo puiden lembrar remexendo nas lembranzas, aquela noite de mediados de xaneiro de hai cinco anos foi, con moita diferencia, a peor desde había moito tempo.

Indalecio, que tiña a súa habitación cara o medio-día, deixara abertas as contras, como acostumaba a facer tódalas noites do ano, porque lle gustaba ver raia-lo día e escouitar en primavera os arrechouchíos dos paxaros que recibían a alba no loureiro de enfrente da súa ventá.

Aínda que se escouitaban os tronos ó lonxe, porque en toda a Chaira anúncianse as trebadas desde máis aló da Cova da Serpe, a luz intrépida e fuxidía dos relampos enchían toda a habitación, xa que, ó non tropezar co atranco das montañas, as laparadas esténdese coma unha inmensa saba dourada que cobre toda a infinda planicie.

A intervalos sentía Indalecio caer sobre si a mirada fría e sen brillo nin vida que cada relampo arrincaba pola forza ós vellos patrucios guindados dunha

alcaia nun retrato enmarcado en corenta e cinco por trinta centímetros.

Conforme a treboada se foi achegando, os lóstregos non se contentaban con enche-la habitación na que el durmía só, senón que pasaban por debaixo da porta para o cuarto grande.

Alí, no comedor das festas, arrincaban escintileos de lume nun visto e non visto dos ollos de vidro da curuxa disecada que, cuberta de po, contemplaba impasible a historia desde enriba do chineiro. Pero Indalecio iso non podía velo. Dunha, porque llo impedía a porta que se interpoñía, e doutra, porque tan presto escoitara os primeiros tronos ataperuzara a cabeza debaixo das mantas. Este costume arrastrábao xa desde antes de ter uso de razón, xuntamente con aquel outro de enovelarse sobre si mesmo para mitiga-las fortes dores de ventre que lle producía o estrondo dos trebóns e, quizabes, nun instintivo movemento de regresión á protección do ventre materno.

Dunha vez, ceibouse unha escachizada que fixo estala-las chaves da luz, ó tempo que acendía de súpeto tódalas bombillas da casa. Quedaron tremelando os vidros das ventás e o peor foi que a descarga queimou unha válvula do transformador de media tensión, polo que quedou interrompido o servizo de fluído eléctrico en toda a parroquia.

Cos ollos só abertos o imprescindible para que non se dixese que camiñaba con eles pechados de todo, ergueuse da cama en cirolas largas de flanela e foi

entorna las contras; pero a habitación seguía iluminándose con cada relampo que se infiltraba polas xuntas e regañas das madeiras.

Despois de hora e media de aparato eléctrico, a tormenta foise desviando cara o Cantábrico por riba do Padornelo de Mondoñedo. Logo, todo foi silencio e escuridade.

Cando espertou e foi abri las contras, había más dunha hora de día, e o curral desaparecera todo el debaixo de dous palmos de neve.

Ó volver de abri-las contras, sentou na cama e enfundou os pantalóns. Cando ía botar man á navalla, que deixaba sempre aberta sobre da mesiña de noite, reparou en que debaixo dela había un caderno de tapas floreadas.

Aquel caderno nin quedara alí a véspera, nin el lle tiña botado o ollo en toda a súa vida. Non podía ser do afillado, porque, se fose, teríallo visto antes; xa que o pequeno tiña o vicio de deixar sempre os libros e cadernos da escola estrados por enriba da mesa de mármore marxado da cociña económica. Pero, aínda que por casualidade fose do neno, ¿quen podería entrar na súa habitación sen que el se decatase, tendo como tiña o sono máis lixeiro cás donicelas?


Sen acabar de acorcheta-lo pantalón na cintura, soergueuse e seguiu cavilando e dicindo para si a media voz:

—Por se fose pouco o misterio, mesmo semella estar húmido o caderno... Esto parece cousa do demo ou de encantamento.

Coma se lle fose bota-la man a unha papuxa que en calquera momento pode levanta-lo voo, foi achegando a dereita ó caderno e, ó collelo, notou que efectivamente estaba algo mollado. De dentro del esborraxe un papeliño manuscrito que dicía:

«Estimado amigo: Non sei cando che dará chegado este escrito. Nin sequera sei se che dará chegado. Se che chega, agradézooche que o leas con atención e que obres en consecuencia. Non preguntas por que me confio a tí; porque non atoparias resposta. Só agardo que o teu bo corazón conserve o relente necesario para facerme compañía polo tempo que sexa preciso. E píodoche tamén que búisque-lo xeito de ir gravando o que vaias lendo para que non se perda, se, por un casual, lle pasa algo ó caderno no que che escribo, e que fasgas chegar noticia de canto se relata a algunha persoa da túa confianza que poída difundilo para escarmento de incautos».

Coa intriga propia do caso, volvے a sentar na cama e dispoñíase a comezar a ler no caderno cando escoitou que ó fondo das escaleiras rinchaba a porta do cuarto, que inchara coa humidade. Desde alí berroulle Manuela, súa irmá, que sería tres anos máis vella ca el e que tamén coma el quedara solteira:



—¡Ai, Indalecio! ¿Seica adormeciches, ou non che vai ben? ¿Baixas come-lo almorzo ou agardas a que cho leve á cama?

Na casa todos sabían que as mañás seguintes a unha noite de tormenta Indalecio estaba moi esmagado, por mor daquela frouxidade intestinal que non podía remediar.

Instintivamente meteu o caderno a toda presa debaixo do colchón coma se o sorprendesen facendo algo malo, e respondeu:

—Logo vou... É que non peguei ollo en toda a noite.

—Faría falla estar xordo e cego para poder durmir esta noite, —comentou a irmá ó tempo que volvía a arrima-la porta para que non subise o gato enche-las camas de pelos e de pulgas.

Na mesma casa vivían tamén o irmán máis novo, a súa muller e o pequeno, afillado de Indalecio. O pequeno andaría por uns trece anos, que nacera o mesmo ano que unha chispa lles matara dúas vacas ós dos Cañotos.

Tamén o irmán máis novo levara trazas de quedar solteiro; pero, como tiñan bastante bo capital, acordaron entre os tres que sería ben que casase el por se-lo mellor parecido, para teren un herdeiro, e só un, coa fin de evitar partillas. E así se fixo.

Tiveron a gran sorte de non ter que saír fóra da Chaira para atopar unha muller moi traballadora que, ademais, tivo a virtude de darse moito xeito para non rompe-la harmonía reinante entre os tres irmáns. Tamén é certo que os tres a quixerón e agarimaron, e

desde o primeiro día dispensáronlle trato de familia. Mesmo, cando deu a luz tiveron moito procura todos eles de que non mollase as mans nin saíse ó sol nin ó frío ata pasados os corenta días de ritual. Daba gusto vela do fina e lustrosa que saíra do posparto. Durante a convalecencia non lle faltou nin un só día a substancia de galiña nova que tén propiedades especialmente indicadas para as recén paridas.

En canto Indalecio baixou e acabou de come-la cunca de café con leite ben acugulada de pan, que era a súa parva más habitual, preguntou:

—Hai algo que facer por aí?

—De momento nada,—respondeu o irmán—, que o gando xa está despachado e tén cara de seguir nevando... Deixar a ver cando volve a luz para escutar sequera o que di do tempo a televisión... Poida que haxa invernía para uns días.

Houbo un breve silencio que rompeu o mesmo Indalecio dicindo:

—Pois logo, case me dá por volver para a cama outro pouco; que parece que debín pillar frío de noite e non teño moi católico o entripado.

Como queiras, ¿quéntoche auga para levar na bolsa?, —dixo a cuñada.

Poñéndose xa de pé, contestoulle:

—Non... De momento poida que non a precise.

Advertiulle a irmá:

—Sube a modo, que aínda está durmindo o pequeno... Como non vai día para ir ó colexiu, deixalo que se aproveite e descanse.

Xa desde a porta da cociña, preguntou, coma quen non quere a cousa:

—¿E el tén algún caderno de tapas floreadas?  
—¿De tapas floreadas...? Non, que eu saiba. ¿Por que?, —respondeu preguntando a cuñada.

—Non... Por nada, —respondeu agora Indalecio, ó tempo que tiraba pola porta desde o lado de fóra.

Deitar non se deitou; que non acostumaba a facelo polo día, a non ser no verán para durmi-la sexta. Foi todo unha desculpa para ir mata-lo verme da curiosidade que lle espertara a notiña e o caderno.

### **III.—A realidade e os soños mestúranse sen proporción fixa.**

Pechouse Indalecio na habitación, pasando por dentro o ferrollo da porta e abriu o caderno.

Estaban húmidas tódalas follas e menos mal que o escrito viña a lapis, que, se acerta a vir a tinta, faríase ilexible; porque xa se sabe que a humidade acaba desvirtuando a tinta de calquera clase que sexa. Con todo, non era doado de ler, debido a que os trazos eran más dubitativos cá resoltos. Comezaba deste xeito:

«Nunca tiven boa letra, que na miña infancia atendiase máis a traballar quea a ir á escola; pero neste lugar desde o que estou a escribir multiplicanse as dificultades para facelo correctamente; porque é un rocho estreito, incómodo e frío no que a penumbra pode máis claridade.

A posición en que me atopo tampouco favorece a caligrafía, porque me vexo forzado a escribir medio recostado sobre o lado esquierdo.

Conservo parte dessa vida á que chaman astral, que debe ser unha espe-

cíe de ainda medio ser, de camiño cara  
a meta próxima do xa non ser definitivo.

O meu espírito verdadeiro foise, non sei se todo enteiro ou en parte, supón que só en parte, tras dunha figura de home alto vestido de negro de pés a cabeza e enfundada esta nunha especie de pasamontañas, que só permitía entrever uns ollos brillantes de mirar fixo, frío e penetrante coma dous puñais de aceiro. Cando esa figura funesta veu polo que levou de mí dixo tan só «Aveno por tí» e aquela parte que se foi de mí seguiuno sen tan sequera despedirse do que quedaba de mí. Polo de agora, non tiven novas do seu derradeiro destino.

«Derradeiro». Velaquí unha palabra que me é más doado escribila ca pronuncia-la axeitadamente por máis esforzos que faga. Para dicila ben tén que bater moitas veces a lingua contra o padal e non dou feito; que a lingua, ainda que se me conserva húmida, xa anda escasa de mobilidade para certos xiros».

Indalecio foi vencendo os regos escritos ata chegar a este punto e á parte; pero non daba creto ó que lía, nin case entendía nada de canto ía quedando tras do paso dos seus ollos atónitos e desconcertados. Estivo tentado a parar de ler e a queima-lo caderno; pero a curiosidade podía más ca el e, cando se dispoñía a seguir, lembrou o encargo que se lle facía na notiña



X. Vlisco

de grava-la lectura. Non lle fixo ningunha gracia tal encargo, porque non estaba moi práctico no uso daquel pequeno radiocasete que lle mercara a un moro no San Froilán, con dúas cintas de regalo, por catro mil cincocentas pesetas. Tíñao na habitación pero facía uso del só para escoitar informativos cando se deitaba cedo ou para entreterse oíndo lerias en horas de insomnio.

Non debe ser moi habitual que un labrego da idade de Indalecio se dea moito xeito para manexar estes aparellos modernos, pero Indalecio é bastante arteiro, porque na súa mocidade andou aprendendo algo a reloxeiro e a torneiro. Ademais, segundo el mesmo me contou sen preguntarillo, ensináralle a ferrexar na gravadora o afillado para poder escoitar unha cinta de Manolo Escobar que acabou completamente raída de tanto pasala.

De principio, cando fixo as primeiras probas de gravación, resultáballe un pouco estraña a súa propia voz ó escoitarse, e case sentiu vergoña dunha lectura tan accidentada, quizabes motivada máis pola mala letra de quen escribira que polos seus atrancos na lectura por falla de hábito. A pesar de todo decidiuse a tirar para diante, pero non sen antes carga-lo aparello coas pilas novas que gardaba no caixón da mesiña de noite.

Por ser home precavido, sempre tiña varias pilas de reposto, que non era nada infrecuente que fallase a enerxía eléctrica tanto na súa parroquia coma nas veciñas.

Houbo partes da gravación que tiven que repasalas sete ou oito veces para dalas entendido. Nunca lle preguntei se sería debido á falla de limpeza dos cabezais da gravadora, ou a que as pilas se fosen achicando, ou a que el lese en son excesivamente baixo para que non o escoitase ninguén da casa.

Feitos tódolos preparativos para gravar, volveu a reler a media voz o que xa deixabaatrás e seguiu onde correspondía:

*«De pouco serviría tratar de enganar a ninguén agora que me atopo na situación en que me atopo. Eu fixera vendida do meu espírito nun momento de debilidade e nunha bafarada de amor conxugal; pero hai unha medallíña do Perpetuo Socorro, mercada nunha misión e bendicida por un fraude que morreu con sona de santo, da que non me separei desde que miña nai ma coseu no forro dun calzón cando marchei para o servicio militar, que fixen en África.*

*Por veces penso que, se tivese a sorte de que descargasen unhas misas por min antes de que se apague definitivamente a última lapiña desta vida astral que me mantén enganchado á existencia, o mesmo o paradoiro definitivo do espírito que foi meu podería resultar positivo. ¿E por que non ha de ser positivo? Se ben se mira, eu non lle fixen mal a ninguén de xeito deliberado. A transacción espí-*

ritual que asinei só foi o froito maldito dun momento de debilidade..., ademais, está a medallíña do Perpetuo Socorro. En realidade o meu foi un acto non voluntario en si mesmo nin plenamente deliberado, áinda que posiblemente fose voluntario na súa causa. Con toda seguranza, se soubese que as cousas ían rematar como teñen trazas de rematar, non asinaria o que asinei antes de retornar de Torrijos, onde estaba tranquillamente afiando navallas sen molestar nin ser molestado por ninguén. Saíu mal o proxectado. ¡Non hai que facerlle..., xogar e perder, pagar e calar!».

## **IV.— Un dos sentimentos más tráxicos ten que ser sentirse morto e vivo ó mesmo tempo**

Pouco a pouco Indalecio ía dominando o formato daquela letra bicuda e medio ensortellada; pero o que non daba desentretiñado eran as ideas. Pechou o caderno por uns instantes e coa vista chantada nos vellos patrucios que o seguían mirando guindados da alcaia da parede, preguntouse a si mesmo. Ou quizabes lles preguntase a eles:

—¿Onde cadrará Torrijos?

En vista de que pasaba o tempo sen obter ningunha resposta, nin súa nin deles, comentou para conformarse:

—¿E que me importa a min onde queda Torrijos, se nin sequera sei quen me escribe nin como foi parar alí? Ora, déixame ver, que me parece que non reparei en se traía firma o papeliño manuscrito que esborraxeou do caderno.

Por más que o mirou e o remirou, non atopou firma nin sinais dela. Non a traía.

—¿É estraño, ¿non?, —seguiu dicíndose a si mesmo, e volveu a abri-lo caderno polo mesmo sitio onde o pechara para continuar lendo:

«O meu erro estivo máis ca nada en ser un desmaliciado e en non esixir garantías fiduciarias ou pedir consello a quen soubese máis ca míñ desas cousas; pero iso é para entendidos e eu non o era. Daquela non o era e agora é tarde. Debia nacer un cando morre.

Non sei quen me meteu no peto o caderno no que estou a escribir nin o lapis co que escribo, porque estou ben seguro de que cando me botei a voar non os traía comigo. Púxenme sen más a escribir nela, pero non teño ningunha certeza de dar rematado a cousa con xeito, que, cando eu fun á escola o pouco que fun, non me ensinaron a redactar e ademais, ¿quen me asegura que non se vai finar dun momento a outro esta especie de vida pola que sigo tirando? Tamén me parece que, se me pillara neste trasfego aquel mestre coxo que tiven, o mesmo me zorregaba dous lapotazos, pois el nunca aprobaria que me puxese a escribir para calquera lector que fose sen garantías de que antes pronunciase como é debido cada palabra, e cada vez son más as palabras que non dou pronunciado como me resoan dentro dos miolos.

— «¡Eso es una falta de respecto al interlocutor!», — diría.

E, izas!, trallazo que te criou nas uñas das mans. E logo, outro trallazo máis por non estaren as uñas convenientemente aseadas.

Agora xa vou entendendo por que a Sabina me dixo, achegando moito a súa boca desdentada á miña orella, antes de que pechasen a caixa:

—Mentres poidas escribe. Relata, conta, narra. Fala de ti e de min canto queiras. Non te prives, que tés tódolos permisos para entremeterte na miña vida privada. Débocho polo que pasou. E perdóame, se podes.

¡Sota de bastos! ¡Vaiá que foi a Sabina quen me meteu o caderno no peto!. Pois, se foi ela, meteuma por comenencia; pero vai levala cadrada. Así Deus me salve, como a vai levar cadrada!. ¿Así Deus me salve? Agora si que estou ben enguedellado. Non sei se rezar nesta circunstancia será procedente ou improcedente. ¡Uf!. Debería sentirme frio e case estou rompendo a suar; pero ó mesmo tempo é un suor frio..., ¡Aínda hei de ter febre! ¡Pois era o que me faltaba! ¿Será posible que teña febre un morto? ¿Canto de morto estarei eu?

Se sei que foi a Sabina quen me meteu o caderno.. Se acerto a saber que foi ela... Se acerto a saber que foi ela, ¡nada! Ia dicir que nunca llo perdoaría; pero, cando se está en situación de precario, como eu estou, haberá que perdoar, que senón, o mesmo lle aplican a un agravante de xenreira deliberada e teimosa».

—Este debeu estudiar algo de leis, —pensou para si Indalecio—. Pero, ¿quen poderá ser? Pois, el a min seguro que me coñece; aínda que me parece que no que di o papeliño referente ó meu bo corazón, pásase un chisco. Eu son coma os demais; é certo que meus pais non me deron malos exemplos; pero nada más... Tén que ser más vello ca min, claro.

Pensando isto rompeu a suar el tamén. O mesmo rompeu a suar por contaxio extrasensorial. Enxugou as palmas das mans ó cobertor da cama onde estaba sentado e tirou para diante coa lectura:

«Como non coñezo as técnicas literarias do relato, nin sei de canto tempo disponño para este exercicio de escritura, dubido se será xa o momento de dicir quen son, ou se debería mante-lo suspenso por máis tempo. Por se un caso, vou comenzar a descubrírmelos, que, se cadra, despois é tarde. Se non o fixen antes, non foi por mal, é que ninguén se parou a ensinarme como se escriben unhas memorias. ¡Claro, como cando ímos á escola ainda non temos memorias que contar..., pois, por iso ninguén se para a ensinarnos a escribí-las! Porque, digo eu que isto que estou a facer debe ser —o que se chama escribí-las memorias, ¿ou non? Se cadra, éo... Logo, se cadra, eu nacín para escritor e quedéime en cerralleiro... ¿Quen sabe para o que nace cada quen? ¡Bo, é igual! Supono que se nace para o que se é. Eu sei que nacín, ou mellor dito:



nacéronme, na raia con Portugal da provincia de Ourense.

Miña nai sempre me dicia:

—Tíveches sorte; porque, se cos empuxes do parto esborrexo un trís para a banda de aló da raia, nacías en Portugal e, en lugar de chamáreste Martiño, chamariaste Martinho.

—Pois si que tiven sorte, mamá, —contestáballe eu desde que puiden entende-lo que ela me dicia—. E gracias a Deus que nacín esfracareñado e que che din pouco que arrepuxer, que, senón, o mesmo esborrexes ó faceres forzas, e eu chamábame Martinho e era de aló e tiñades dificultades na fronteira cando quixedes traermee para acó.

Lembrar a miña nai nestas circunstancias parece que me dá confianza. Se cadra ela pode interceder algo por mí, pois todos dician que era unha santa e, feo que eu o diga, pero tamén creo que o era.

Despois de nacer fun de alí, ou sexa: da provincia de Ourense, e tamén fun de moitos máis sitios; pero estiven casado en primeiras e únicas nupcias en Verín. Ali está a miña partida de matrimonio, as partidas de nacemento dos meus fillos e agora tamén estará ali, supón, a miña defunción, e, se cadra, non tarda moito en estar tamén a de segundas nupcias da miña viúva. ¡Carafio!, vese que ainda me funciona o

corazón; porque, ó escribir isto das segundas nupcias da miña viúva deulle por bater más forte e más á presa. ¡Tente, rapaz, a ti; que más che tén que a miña viúva case ou deixe de casar? É certo, ¿agora que máis tén? ¿E se a miña muller volvese a casar con cal dos dous estaria no alén, ou estaria por meses con un e co outro? ¡Bo, eu que sei? O que sei é que se volve a casar, de quen ha de murmurá-la xente non ha de ser de mí, senón dela... E mais, de mí igual falan tamén, e non faltará quen diga:

—Era boa persoa o Martíño, pero algo pampallón. Míra que pasarlle o que lle pasou polo que lle pasou. Se non estivese case morto, case daría gana de rir.

Así e todo, polo que me pasou o que me pasou non o pode saber ningüén con certeza a non ser que a Sabina, se vive, se vaia da lingua. E, se se vai, ¡que digan o que queiran, que eu desde aquí non hei volver para taparlle a boca a ningüén!

De maneira que, como estaba dicindo, eu fun... ¿Fun, ou son? ...Supono que no meu caso haberá que dicir: «fun»; porque agora xa non son. Polo menos oficialmente non son, pois sospeito que a estas horas xa estou dado de baixa do mundo para tódolos efectos; pero, se non son, ¿como podo estar escribindo coma se fosse? ¿Será pola vida astral? Logo, tería que poñer: medio son e medio non son.

Ben, con relación ó que quería dicir, teño que dicir: «fun»; porque agora cerralleiro e afiador xa non son... ¿Haberá alguén que recolla a miña vella roda de afiar cando chegue facturada? O mesmo non lle dan o aprecio que merecía e déixana por ali en calquera recullo ata que se cubra de ferruxo e non valla para máis nada. Para mí a miña roda era unha parte de mí. Foi a miña confidente máis fiel. Ás veces penso que cando ma entregaron ben puideron dírmelo: «Compañeira che dou e non ferramenta», porque ela verdadeiramente, máis ca unha ferramenta de traballo, foi a miña compañeira de camiño ó longo de centos de leguas de vida.

Romper vencellos con certas cousas pode ser tan doloroso ou más ca rompelos coas persoas. Eu sinto que sen a miña roda non son eu de todo, e á miña roda tampouco lle vai ser doado seguir sendo ela mesma sen mí; porque cada afiador tén o seu xeito propio de apertar as follas de corte que se están afiando contra o esmeril, de dar ó pedal, de camiñar e, mesmo, de chifrar.

Meu pai tamén fora afiador igual ca meu avó, en paz descansen os dous, que aló van. Mellor dito: en paz descansémos los tres, que aló imos.

Os meus dous fillos romperon unha longa tradición secular de afiadores e

iso que lles prometera mercar lles unha roda motorizada das primeiras que houbo no mercado. Un deles é chofer dun coche oficial e o outro quería ser oficial de primeira con chofer e quedouse en contrabandista de segunda. Non deberan romper la tradición, ainda que só fose por fidelidade ós devanceiros; que ás veces todos temos que facer cousas que non nos reinan, por razóns de forza maior...

A mocidade de agora anda un pouco expropiada de sentímentos vinculantes cos que fomos antes ca eles.

Esta vida, ou mellor dito: esa vida de aí de fóra, porque esta vida miña xa é outra cousa, non hai quen a entenda. Os fillos non quixeron ser afiadores cando estaban en idade de selo, e, en cambio, a mia muller quixo selo cando xa non debería querer selo. Díxome unha vez:

—Martín, ensiname a afiar, que agora que xa témo-los fillos criados quero sentirme realizada co traballo fóra do fogar.

Eu non quería ensinarlle; pero ela insistiu e ensineille. ¡Nunca eu lle ensinara! Esa foi a causa da miña perdición».



## V.—O traballo fóra do fogar pode ser unha liberación para a muller, pero tén os seus custos

—¿Martiño? ¿Martiño? ¿Martiño? —repetía Indalecio.

Aquel nome non deixaba de martelarlle nos miolos.

—Pois non caio. O único Martiño que se me vén á mente así de primeiras non era de Ourense nin afiador, senón capador de Gontán. Deixar a ver se más adiante teño más claridade.

Sen máis dilación seguiu lendo:

«Pola miña profesión eu tiña que botar longas tempadas fóra da casa, que ningún afiador fai vida sen sair de tras da lareira, e eu tiña a clientela moi espallada por toda a xeografía peninsular.

En canto lle ensinei a afiar á miña muller coídeí que non pasaría de ser unha mediocre afeccionada ó arte da afiadela, pero, ¡caraío!, ela, colleu a cousa a peito e arrincouse con aspiracións de gran profesional e foille pedir traballo ó Bertoldo.

O Bertoldo emigrara a México con catorce anos e retornara con beiras de cincuenta e seis, podre de cartos pero solteiro, por non ter tempo a casar. Aló empezara de dependente dun bazar do que ós vinte e tres anos xa era dono por traspaso. Logo chegou a ter máis de corenta bazares e ferraxerías. O volver maldita falla lle facía traballar pero, para entreterse e porque lle reinaba, traspasou aquí outra ferraxería que se dedicaba só á venta de catro chilíndradas e que el non tardou en reconverter, acomodándoa ás necesidades da terra e ás esixencias do momento.

Agora vende de todo: cordas de esparto, caldeiros de cinc, gadañas, fouces, fouciñas e fouciños da sega, navallas, coitelos, tesoiras de todo tipo, ou sexa: tanto de poda coma de manicura, puntas, martelos, trades e o que se tercie. Durante varios anos facía coma todos: ia apañando os clientes que se deixaban caer pola tenda, sen sair en busca deles; pero desde que entrou entratos coa miña muller, deulle por ser competitivo e por introducir medios publicitarios, de modo e maneira que vendía afiadas, de primeira afiadura, tódalas ferramentas de corte. Así podía garantí-lo seu perfecto funcionamento desde o primeiro momento. Tense dado o caso de que algúin lle fose mercar unha fouciña e xa

FERRAXERIA  
BERTOLDO  
AFIADO  
PRET A PORTER



aproveitase o camiño de retorno para esmotenar unha silveira.

Dicia:

—»Ándeles, compadre, que es un toque de distinción muy lindo, evitar a la clientela la macana de tener que afilar antes de usar los utensilios.. Por eso aquí mismamente ya se adjudican navajas y enseres contuso incisivos pret a porter».

Firmaron un contrato polo que a miña muller se comprometía como afiadora en exclusiva para a súa ferraxería. Nos primeiros tempos o traballo era levadeiro; pero axiña comenzaron a subir as vendas de tal xeito, que á pobre non lle quedaba tempo nin ganas de afiar nada na nosa casa, de maneira que, cando eu retornaba das miñas xiras, dábame vergoña que chegase alguén de fóra e vise o cegos que estaban os nosos coitelos.

O Bertoldo era xeneroso na soldada, iso sí. E, debido á autonomía económica que conseguiu, a miña muller mellorou notablemente na vestimenta dos días santos e, mesmo, na de cada día.

Pero, entre o engólesmo dos cartos e que a ela lle acaía ben o záquelezáquele de acenicarlle ó pedal do veo da roda, aceptou, a maiores do traballo que xa tiña, afiar de primeira vez tódalas tesoiras da marca «As dúas papoulas» que se vendian en Galicia e

Asturias cando o Bertoldo colleu a distribución en exclusiva desta marca para as dúas rexións veciñas».

Eu advertinlle unha vez:

—Vas acabar con desgaste da cabeza do fémur ou da rótula do xeonillo da perna dereita de tanto premerlle ó pedal. ¿Por que non aprendes a afiar tamén de esquerda e pónenselle dous veos e dous pedais á roda?

Ela fixo que non oía; porque, como aprendeu o oficio xa maior, pasáballe coma os que sacan o carné de conducir despois dos cincuenta, estaba moi atada ás primeiras normas e non era moi creativa, e ademais, viñalle de familia ser testalana coma unha mula.

Dunha vez que cheguei de botar tres meses menos dez días no meu recorrido de primavera, que é o máis fatigoso para os afiadores occidentais, pois é na primavera cando se poñen a punto os fociños da sega e demás ferramentas e utensilios que se usarán ó longo do verán, quedeíme reparando nela durante uns dez minutos sen que me vise, e dinme conta de que, ó afiar con tanto donaire, a saia, que lle quedaba algo rabena, marcáballe moito as formas, e deume por maliciar que o Bertoldo tamén se fixaría nela ás agachadas, que el cego non era ainda que seguise solteiro».

Chegado a este punto, interrompeulle a lectura ó Indalecio súa irmá que volveu a abri-la porta do cuarto e preguntoulle:

—¿Ségueche doendo a barriga, ou dormes?

El respondeu, sen contar verdade, para xustifica-la súa ausencia de entre os demais da casa:

—Parece que se vai calmindo; pero por veces áinda me dan retentos.

Volveu a preguntar ela:

—¿Tés frío? ¿Farache falla outro cobertor?

Tamén el volveu a responder:

—Non. Deixade que, se quero algo, xa chamarei.

E aproveitou a interrupción para cavilar por uns momentos:

—¿Martíño? ¿Afiador? ¿De Verín? ¿Como se chamaría aquel afiador que viña por aquí aló cando eu era pequeno? Xa o preguntarei, a ver se se acorda miña irmá; pero, ben seguro que non ha de ter nada que ver con estoutro Martíño do caderno.

Indalecio non tiña a precaución de apaga-lo magnetófono cando paraba de ler, e acostumaba a facelos comentarios no mesmo son cá lectura, por iso quedaban tamén rexistradas as interrupcóns, os seus insertos e os silencios.

Neste punto houbo unha pausa de beiras de dous minutos, que me fixo sospeitar se se interrompería de vez a gravación da lectura; pero non, reiniciouse deste xeito:

*«Vai frío aquí e de vez en cuando teño  
que abafa-los dedos para non perde-los*

tentos. É bo invento este de escribi-las memorias, pois obriga a revivir la vida coas súas dozuras e os seus amargores e ademais axuda a pasa-lo tempo máis distraído; pero nunca un sabe que anacos de memoria se perderían xa entre a follaxe dos recordos ingratos. Non sei se a este paso darei acabado a tempo. ¿Canto me quedará? ¿Ou estarei xa fóra do tempo? Se, por aí estou fóra del, o mesmo poderá quedarme por diante todo o tempo coma non quedarme nada..., vaia, digo eu que nunca din entendido ben como se reparte o tempo en tempos.

A observación dos contoneos da miña muller á volta daquela viaxe desacougueme, dando por feito que o Bertoldo pasaría horas e horas fitándoa sen pestanexar e, aínda que non había base consistente para a desconfianza, rillábanme de tal maneira os celos no corazón, que cheguei a non ter refixeiro nin darme entendido a mí mesmo, pois, cando estaba preto da casa, deseñaba estar lonxe dela e, en cambio, cando estaba lonxe non facía máis ca pensar en volver. Así e todo, parece que atopaba más sosego lonxe ca preto. De modo e maneira que nunha xira pola Meseta, decidín interpoñer entre a miña muller e máis eu un tempo baleiro a ver que pasaba e aceptei dedicarme a afiar tamén en exclusiva para «La Toledana», que é marca de moi fonda

raizame, pois xa en tempos da Reconquista non había en toda a Península nin no norte de África quen lle puxese o pé diante en dar tempero a dagas e alfanxes sarracenos ou a espadas cristiás.

Está moi estendida a crenza de que a mesma espada que usou Santiago en Clavixo foi temperada por «La Toledana». E incluso, anda escrito por algún sitio que o malfadado aceiro que abriu no peito do mítico Roldán a mortal fenda pola que expirou o seu derradeiro alento vital, aló en Roncesvalles, tamén pasara polas forxas de «La Toledana».

Xa a comezos da revolución industrial, esta casa fixose coa patente dunha firma austrohúngara de legres e gubias para baleirado de zocas, chegando a exportar ata paraterritorios de Albania, Finlandia e Croacia.

Nestes últimos tempos, a súa especialidade máis sonada son as navallas de dúas follas, con lezna, abreletas e descorchador incorporados.

Eu, e non é por chufar, que agora de nada me serve, cheguei a gozar de moito aprecio por parte do Presidente do Consello de Administración e fun convidado a cear en varias ocasións polo Xefe de Personal para contarles lendas despois da cea ós seus sete fillos. A nenña máis nova, que na súa inocencia ainda cría que era tan importante un simple

afiador coma un xefe de persoal dunha gran empresa, queríame moito e gustáballe sentarse no meu colo ata quedarse durmida escotándome.

Débenseme estar deteriorando xa os rexistros dos miolos; porque parece que por veces bárrenseme as ideas; pero, non obstante, hai cousas que ainda teño moi claras.

Foi a véspera de San Xoán, día de enramalla-las casas. Hacería ainda dúas horas de sol. Os afiadores do mundo enteiro rexémonos sempre pola hora do sol. Esa é a nosa única hora oficial, debido a que as únicas enerxías que nós temos que tratar de aforrar son as nosas propias e persoais.

Ese día, e a esa hora, estaba eu afiando á sombra dunha especie de carballo castelán, tamén chamado aciñeira, por tras dunha das factorías que tén «La Toledana» nos arrabaldes de Torrijos. Eu no inverno afiaba a cuberto; pero nos meses de verán prefería facelo fóra á sombra, que corria máis o fresco e temperaba o calmizo manchego. Pensara en adaptarlle á roda un ventilador que funcionase en conexión co eixe do esmeril, pero foi unha das cousas que nunca din feito, por non poñerme a ela dunha vez».



## VI.—Unha bruxa acreditada, e sobre todo se é vidente, pode chegar a ter moita clientela

—Home, pois non estaría mal iso de adaptarlle un ventilador á roda. E ademais, tampouco faría falla facer moita más forza no pedal, que un ventilador lixeiriño montado en caixas de bolas pouco podería render,—comentou Indalecio e seguiu:

*«Aqui, neste lugar onde agora me atopo, en vez dun ventilador, o que necesitaría era un braseiro, porque o frío vai a máis. Xa sinto coma se a mola dos ósos das canelas fose de xeo. Pero, seguirei escribindo nesta angostura que me acubilla mentres non me envolvan definitivamente as tebras.*

Ali onde estaba, en Torrijos, escoitei un pequeno ruxido, mirei para atrás, e mesmamente ó meu carón, acababa de tomar terra, con toda suavidade e perícia a Sabina acabalgada na súa vasoira de viaxes longas.

Era unha especialista no aterraxe. Claro que tamén tiña moitas horas de voo en vasoira; porque durante varios

anos, tódolos mércores e venres facía ponte aérea entre Verín e Oporto, sobrevoando a seis mil pés de altura a fronteira con Portugal, onde tiña tamén despacho aberto ó público.

Moitos altos cargos portugueses eran seus clientes asíduos e chufaba de ter sido consultora privilexiada dos plans de derribo de máis dun membro do goberno. Parece ser que os homes da clandestinidade política do país irmán preferiana a ela antes cás súas correlixionarias portuguesas; porque confiaban máis na súa discreción e en que se lles gardase mellor o anonimato.

En Oporto encargábase de apuntarlle as citas e de dar número á clientela dun negro mozambicano mudo.

Xa daquela podería disponer de teléfono no seu despacho de Portugal; pero non chegou a instalalo, debido a que os persoeiros lusos desconfiaban de posibles escoitas ilegais por parte dos servicios de intelixencia gobernamentais.

Aproveitaba ben aquelas viaxes; pois para aló pasaba, sen control aduaneiro: raíz de mandrágora, levística e herba de cabra; que tiña ali varias profesionais do seu mesmo ramo que apreciaban moito estes productos de importación. Para acó traía, a cambio, fio portugués, partituras de fados, filarmónicas e café. Sobre todo, café. Co tabaco de contrabando non se daba; porque dícia que

o tabaco de contrabando non era mellor nin peor, só tiña o aliciente de ser de contra bandos, —ou contra normas humanas—, máis ou menos transitorios e arbitrais, por baseárense en fronteiras artificiais.

Ela e máis eu fomos veciños, porta con porta, desde que afincou en Verín, aínda que ela era natural de Celanova.

Cando recaeu en Verín xa voaba sen necesidade de copiloto. Había moita confianza entre a súa casa e a nosa. Calquera cousa que fixese falla en calquera das dúas casas deixabámonola sen receo, sempre e cando nos puidesemos socorrer. Tén vido buscar moitas veces pirixel, que miña nai, Deus lle perdoe, dábase moito con el, aínda que miña nai utilizábaoo para fins ben distintos dos da Sabina.

Nos primeiros tempos de aveciñarse en Verín a xente non a miraba nunca fronte a fronte e, cando se cruzaban con ela dúas mulleres, ou dous homes, ou un home e unha muller, ou grupos meirandes de persoas, sempre quedaba tras dela unha especie de murmurio e un dixome díxome difamante. En cambio, cando se cruzaba cunha soa persoa, o normal era que detrás quedase unha bendición, ou santiguamento; porque en solitario a xente acostuma a dar más signos espontáneos de relixiosidade ca en grupo».

—Pois é certo que pasa iso, volveu a cavilar en alto Indalecio e continuou lendo sen maior interrupción:

«Ós dous anos, pouco máis ou menos, de ter fixada a residencia na nosa vila tivo un acerto que lle deu moita sona en toda a bisbarra e, a raíz dese acerto, deixou de molestala o sargento da Garda Civil, que antes exercía contra ela controis periódicos relativamente rigorosos, segundo andivese de bo ou mal xenio, factor que dependía das súas relacións cos subordinados, coa muller ou cos fillos, que quizabes por reacción a un pai autoritario sairan medio anarquistas.

A cousa foi que, polo sistema de pescudar nos poucos precipitados no fondo dunha palangana na que se desleira arxila parda en auga de neve, conseguiu localizar unha recua de cabalos do monte que se extraviara por entre a brétema da Gudiña. O descubrimento custoulle o seu traballo, pero, despois de pasar tres días e tres noites, sen máis descanso ca cinco horas en total, e sen aparta-la vista do fondo da palangana, deu co rabaño.

—Albisco unha paisaxe montaraz e matogueiras a esgallo, pero non vexo claro. Non vexo claro nada do que busco, —dizia, e seguía fitando ó fondo da palangana sen pestanexar.



O de non ver claro era motivado pola  
brétema que ataca moito no cordal da  
Gudiña.

Xa antes de poñerse entrance contem-  
plativo pasou outros tres días coas súas  
correspondentes noites preparándose es-  
piritualmente a base dun xaxún bastan-  
te rigoroso. Só comía á cea un pratíño  
de acelgas sen adobio de ningunha cla-  
se e bebia infusión de mandrágora co-  
cida en auga lustral. Beber si que bebia  
unha cunca cada dúas horas e media.  
E lia. Lía todo seguido nun libro que se  
chamaba «Ritual Egípcio del Gran  
Copto».

Librostiña unha morea deles. Eu mes-  
mo téñolle visto con estes meus ollos...,  
con estes meus ollos..., ¿cando lles toca-  
rá deixar de ver definitivamente? Dicia  
que téñolle visto: «El Gran Grimorio» e  
outro que era o que máis me chamaba a  
atención: «La Cabra Infernal». Este li-  
bro daba arrepío esfollalo, porque cada  
catro follas tiña unhas láminas de de-  
mos que, só con miralos, metían a  
pavoría no corpo. Non lle gustaba nada  
que lle andase remexendo nestes volu-  
mes xente de fóra; pero, en cambio, a  
min deixárame levar para a casa o  
«Cíprianillo». Tanto tivo que o levase  
coma que non, pois non din aprendido  
nada do que me interesaba, que era dar  
cun tesouro que lle tiña escoitado dicir  
a meu avó que deixara enterrado un

mouro nunha medorra aló na parroquia onde el nacera.

Como, cando se puxo a Sabina ó ritual do que estou a falar, ou mellor dito: do que estou a escribir, quero dicir: ó ritual de pescudar no fondo da palangana, cadroume a mí de estar pola casa, puiden comprobar que durante todo o tempo que duraron as cerimonias ela non moveu os pés de dentro dunha especie de estrela de cinco puntas que previamente mandara trazar no chan.

A encargada de traza-la estrela fora unha nena duns dez anos que tiña sona de moi desmaliciada entre o vecindario.

Para que a oficiante, ou sexa, a Sabina, sentase uns momentos, por mor das varices, había que meterlle unha banqueta de tres pés dentro da estrela, e para inxerir os poucos alimentos que inxería, tampoco se botaba fóra dela.

O trazado fixérase cunha fouciña nova do trinque, quero dicir: sen estrear, coa que ela mesma, despois de facelos trazos, tronzou dunha soa tallada a cabeza dunha ra verde. A cabeza da ra tamén a botou na palangana dos sposos de arxila e, por máis raro que poida parecer, aguantou a malfadada cabeza cos ollos brillantes e moi abertos durante os tres días, a pesar de estar separada do tronco.

Polo visto, hai unha clase de ras verdes e de cóbregas que son consideradas

como fillas directas do demo, xa que, seica é o mesmo demo quen se encarga de choca-los seus ovos. Pois, esta era unha das ras. Nótaselles nunha especie de caveira pintarraxada que levan en releve polo costado esquierdo.

Naquela ocasión houbo moitos miróns, debido a que, excepcionalmente, admitiu presencia de testemuñas oculares; pero, cando comezou a anunciar que no fondo da palangana apreciaba con claridade a paisaxe na que estaban arremuiñadas as reses, non viu ningúén máis ca ela a tal paisaxe e iso que todos nos achegamos entropela ver que se vía. Os más desencantados foron os propios donos dos cabalos que pretendian reconecele-los seus animais polas marcas que levaban impresas a fogo. Non obstante, cando foron buscalos, as reses estaban ali, ó abrigo duns castiñeiros bravos».

—¡Ai cousas que parece que non se cren!, — pensou Indalecio.

«Co que non se contaba era con que na visión tamén descubrise a Sabina a un dos donos dos cabalos, o Rafael, que fora o causante do extravío dos animais; porque el mesmo se encargara de axotalos do curro onde pacian tranquilos, para dalos por desaparecidos e vendelos, logo, ás caladas, a cuatreiros portugueses.

Rafael faltaba da casa había algúñ tempo, pero a muller tivera o conto callado; porque a ninguén sorprendía que aquel home faltase de vez en cando. A Sabina descubriuno en mala compañía aló nun pendello feito de xestas na mesma valgada sombriza onde estaban as reses. Ela, en virtude do segredo profesional, non dixo nada abertamente, pero rosmou algo referente a que os cabalos non estaban sós e que tampouco estaban ali a carón dela tódolos seus donos. Foi o suficiente para que máis dun se maliciase e pillasen ó Rafael infraganti.

—Así e todo, hai que ter coidado, —filosofou Indalecio sen ergue-la vista do caderno.

«A historia andou en tódalas bocas e en moito tempo non se falou doutra cosa nas barberías do Verín vílego nin nas feiras dos arredores. Rafael chegou a xurar que lle acabaría coa vida á Sabina porque non resistía máis que a cada paso lle preguntasen con moita retranca: «E que tal abrigosos son os pendellos de xestas?». Pero, aínda que o intentou, nunca deu cumprido tal xuramento; porque as meigas gozan dun alto grao de inmunidade».

Chegado a este descubrimento, Indalecio, moi satisfeito, respirou fondo e exclamou en voz alta:

—¡Ai, logo, ben! ¡Resultou o que eu pensaba! ¡A Sabina era meiga!

Aínda que tiña retentos de ter que pasar polo escusado, facía o posible por aperta-los esfínteres e conterse, para seguir lendo máis adiante.

«Desde entón nunca traballo lle faltou á Sabina na súa profesión, nin tampouco lle faltou un anaco de pan que levar á boca. Polo visto, ata lle sobraba para facer algunha caridade con familias pobres que non tiñan reparo en que ela fose meiga ou deixase de selo á hora de recibí-la súa axuda. Polo xeral os pobres teñen superados moitos escrúpulos nos que a miúdo tropezan os que se valen mellor.

Ó falar da súa boca, non debo calar que quizabes era o que más chamaba a atención do seu aspecto físico; porque, mentres conservou a dentamia, daba que ver; pois tódolos seus dentes eran branquiños e reluentes, ben formados, cada peza perfectamente encaixada no seu sitio. Logo, cando comezou a abandonarse, tamén seguía chamando a atención pola boca, xa que só conservou un dente caído de abaxio e unha pa no medio do padal de riba. Encargara, é certo, un padal postizo; pero nunca chegou a usalo con regularidade; porque lle facía vexigas no ceo da boca ademais de non asentárlle, debido a que se fora demorando, e cando foi a ver,

xa non quedaba peralte abondo nas  
enxivas para que callase nelas.

Nos dous anos seguintes ó sobre  
descubrimento: o dos cabalos e o do Ra-  
fael, tiña lista de espera de ata dous me-  
ses. Non se sabe se por mor dos cabalos  
ou dos «Rafaeles».

Por parte de tarde xa non precisaba  
de ritos tan rigorosos para este tipo de  
descubrimentos. E chegou a actuar ata  
sobre fotografías e a moita distancia; iso  
si, valéndose sempre dos poucos.

Pero tivo que cambiar de sistema ó  
crearse a «Liga Ourensá de posibles  
damnificados polos poucos da Sabina»;  
pois eran membros de tal asociación  
persoeiros de influencias. O que non se  
sabe a ciencia certa é se a «Liga»  
cheogou a ter algún efecto retroactivo á  
hora de reclamar danos e prexuízos, ou  
se só tivo efectos disuasorios.

—¿Ves? ¿Ves?, —dixo Indalecio, que ía collendo  
o costume de facer comentarios ó texto sen demorar-  
se na lectura.

«De tódolos xeitos, a experiencia é a  
experiencia, e ela chegou a ter tanto  
olfacto para posibles extravíos de persoas  
e de animais que mesmo podía  
presentilas con medio ano de antela-  
ción.

Coido que esa foi a verdadeira razón  
de que aterrarse cabo de min aló en  
Torrijos a véspera de San Xoán».



## VII.— Se un medio morto é capaz de rezar será porque áinda lle queda algo de espírito

Visto que no manuscrito íanse encerellando unhas cousas nas outras coma as cereixas, tomou Indalecio unha decisión que xa debía ter tomado había polo menos media hora:

—¡Oi, meu amigo!, se vas empezar con outra historia, vaime ser mellor ir ó escusado dunha vez.

Por fin foi a onde xa debía ter ido; porque estar forzando retencións non é saudable á larga.

Ó pasar polo cuarto grande mirou o reloxo de campá e viu que logo era hora de xantar, pero decidiu seguir lendo ata que o chamasen.

*«Agradecinlle moito a visita que me fixo en Torrijos; porque non tiña nada por que facer aquello por mí; pero ó mesmo tempo, penso que sería mellor que non o fixese; e non quero dicir con isto que ela fose a culpable directa do que pasou; que ela tamén foi vítima da desgracia. É certo que me debía algunas atencíóns de pouca importancia, tales*

coma agasallala con algún abalorio que eu mercaba para ela cando ía polo mundo, ou traerlle follas dalgunhas plantas que só se dan polo lado de baixo dos Montes de Toledo. Cousas así. A min non me custaba traballo facerlle eses pequenos favores; pero, ainda que mo custase, para que vou dicir unha cousa pola outra, faríallos o mesmo; porque a unha meiga sempre convén tela algo da man, non vaía ser que tome vinganza.

A Torrijos non foi adrede, ¡só iso faltaba!, co ocupada que andaba por aquelas datas; pois amontoábaselle o traballo con tanta demanda de arte adiviñatoria en relacións coas perspectivas de futuro, tanto por parte de moitos familiares de emigrados que soñaban con retornar, como por parte doutros que ainda non emigraran e temían ter que facelo.

Dicia eu que a Torrijos non foi a propósito. Por Torrijos pasou. Ía de camiño cara a Sevilla; porque a noite da véspera de San Xoán celébrase ali o aquelarre máis importante de todo o ano e un dos más importantes do mundo enteiro. Así e todo, tivo que facer un considerable arrodeo para pasar por xunto de min, porque Torrijos queda moito á esquerda da liña recta entre Verín e Sevilla. Pensaba recompensarilo, pero xa non houbo tempo. ¿Que se lle vai facer?

Péchanseme as pálpebras co sono, cánsame a man, arrefrianme os dedos

e o corpo todo; pero non debo deixarme adormecer, non sexa que arrefrie de vez e, se arrefrio totalmente, ¡adeus para sempre!.

Non sei se debería pronuncia-la palabra que pronunciei: «adeus», porque fixen un pauto contra Deus ou á marxe de Deus que non debera facer, pero, se ese Señor é tan misericordioso como oin dicir que é, poida que ainda haxa un remedio, pois eu estar estou arrepentido... O malo é se sigo pensando que ainda estou e se xa non estou; porque unha parte de min ir foise con aquel home tan alto vestido de negro; pero algo de espírito tivo que quedarme, ¿ou non estou matinando? Eu oin dicir varias veces que os animais non matinan coma os humanos, porque non teñen espírito... E se aínda teño algo de espírito quere dicir que non ex-pirei de todo, ¿non si? ¿Pois logo?

Sexa como sexa, vou a ver se atopo a medallina para darrle un bico, e vou probar a rezar algo do que me acorde... Se son capaz de rezar, algo quererá dicir tamén. ¿Ou non?».

Pensou de novo en alto Indalecio, falando consigo:

—Pois, xa que logo, eu vou baixar para a cociña, que canso de ler. Hai moitos anos que non lin tanto seguido. Se cadra nunca tanto lin seguido. Se pola tarde non hai moito que facer, heille dar outra volta ó

caderno, que quero acabalo hoxe, porque mañá, se non segue nevando, hei de ter que axudar a facer algo na casa ... Agora teño que deixala ben escondida, non sexa que veñan face-la cama e batan con ela. Vouna meter no caixón da mesiña, que alí non teñen nada que ir remexer... E tamén teño que apaga-lo magnetófono, non sexa que se lle acaben as pilas... A pouco máis esquézome de que hai que revira-la cinta. ¿Quen se estraña? Un non está afeito a estas historias.

Antes de baixar fixo todo como pensara e foi atusmar á ventá. Seguira nevando durante a mañá, e toda a paisaxe que podía divisarse doía nos ollos, polo refuxente brancor.

Cando enfilaba as escaleiras do cuarto tamén abría a porta do fondo delas o afillado para dicirlle que baixase xantar se se atopaba en condicións.

Case non deu unha palabra en toda a comida. Pasou todo o tempo como ensumido en si e comeu pouco e á presa, logo preguntou se había algúun traballo que estivese agardando por el.

Respondeulle a irmá que podía ir coce-lo caldeiro para a ceba dos dous porcos que aínda non mataran, que alí ó pé do lume estaría quentiño e podería pasarlle de vez a barriga.

Non lle fixo moita gracia a encomenda, pois os seus proxectos eran de seguir lendo; pero pensou que alí na casa do forno, onde tiñan empotrado o caldeiro de cocerelles ós porcos, a pesar de non ser lugar moi so-

brado de luz, habería a suficiente para seguir enfrascado na lectura, e respondeu:

—Vou logo, si.

—Se vou contigo, ¿cántasme algún conto de meigas ou de aparecidos, padriño?, —preguntou o afillado.

—Hoxe non, que teño pouca gana de falar e ademais as meigas e os aparecidos merécenme cada día máis respecto... Hai cousas das que se fala sen saber o que se di, —contestou el.

Logo subiu ó cuarto en busca do caderno e do magnetófono e, cando xa se dispoñía a volver a baixar, acordouse de que debía levar outra cinta máis e pilas de reposto, por se un caso, e tirou para xunto do caldeiro.

A porta da casa do forno tiña un picaporte por fóra e unha caravilla por dentro. Fora súa nai quen mandara poñer a caravilla, porque ás veces, cando lle pegaba algúun enrabexamento, íase meter alí, pechábase e non saía nin de noite, para facerse máis de rogar. El tamén acaravillou por dentro e, despois de prende-lo lume, de reparar por primeira vez en que a bombilla estaba moi afumada e de poñer en marcha a gravadora, púxose a ler cuns degoiros dos que el mesmo se sentiu sorprendido. Como deixara marcada a páxina do caderno na que quedara antes de ir xantar, foille doado retoma-la lectura no lugar exacto.

*«Puiden rezar, pero traballo me custou, que, ó poñerme a facelo sentía un troupoloutrou com a dunha*

carreira de cabalos. Pero concentreime e din farfallado catro «Padres-nuestros», cinco «Ave marias» e varias xaculatorias. Canto máis apertaba a medallíña na man, máis batifondo sentía; agora que, non por iso deixei de apertar. Case me manco na man denta ta forza como fixen. Poida que aínda non estea todo perdido... E, se cadra, a angustia desta incerteza na que me atopo xa é unha especie de purgación polos meus pecados... Pero, logo, ¿para onde foi a parte de mí que levou aquel home ou quen fose? Porque aquel home, ou o que fose, non me gustou nada, que nin me saudou ó chegar a xunto de mí.

Tiña cara de poucos amigos... Máis ben, non tiña cara de ningún amigo... Támen penso que, se o de rezar non me puidese valer para nada, ¿por que se preocupou non sei quen de impedir que o fixese armando o estarabouzo que armou? Se me queda tempo hei rezar más veces e «¡Que salga el sol por Antequera!»... En vida eu dicía esta frase moi a miúdo, que é un dito que chama a atención e escóitase moito do lado de aló de Despeñaperros, pero agora, ¡que saia o sol por onde queira!, ... como, total, eu aquí xa non o vexo.

Aquel día viaxaba a Sabina de acabalo dunha vasoira de xesta castelá co rabo de avelaíra verde. Polo que teño entendido, este tipo de vasoiras gastan

menos untura ca outras. Hai quen pensa que as vasoiras das meigas non hai máis ca collelas e ¡ale!, botarse a voar. ¡Diso nada!; que hai que untalas ben untadas con ungüentos apropiados segundo o clima, a latitude, a humidade relativa, a velocidade e a distancia a recorrer.

E, se por un supoñer, unha meiga quere ir a París e só untou para o traxecto a Barcelona, que se vele; que pode enfociñar cando menos o pense. E se, por poñer outro caso, unta para ir cara o mediodía e despois torce cara o abreante, poder, pode chegar, pero case seguro que lle ha de pulsea-la vasoira e, se é longo o recorrido, vai acabar mallada e contódalas xuntas doridas».



## VIII.—As reservas e os silencios nunha conversa tamén son elocuentes

Indalecio era home que gozaba aprendendo cousas novas e que valoraba moito os avances da técnica por iso sentiu admiración ó coñecer eses intríngulis da mecánica das vasoiras aeronavais.

—Non hai cousa que non teña os seus intringulis, ¿ou a ti que che parece?, —preguntouille ó gato, que saíra de debaixo da artesa rosmando con andares solemnes e que non paraba de cozarlle o rabo ás perneiras do pantalón.

O gato non debeu querer responder á pregunta; pero, entender, ben seguro que o entendeu; que eran moi camaradas os dous.

Visto que era inútil seguir agardando resposta, proseguiu lendo:

«Cando a Sabina chegou a cabo de mí, así de primeiras non a recoñecín. Dunha, porque con quen menos conta ba eu daquela era con ela, e doutra, porque vestía cunha galanura que non parecía a mesma de sempre.

Nos últimos sete anos fórase abondonando moito tanto na hixiene persoal

coma no vestir. Andaba desguedellada, cun sombreiro de palla todo esfarrapado, chea de colgarexos, pingándolle a saia para o lado esquierdo, con calcetas de lá medio frouxas e sempre retortas arredor das súas pernas fracas e, mesmo no inverno, calzaba alpargatas de esparto mal atadas arredor das canelas.

En cambio aquel día, era outra. Levaba un vestido de luares fruncido, o cabelo encaracolado por debaixo dun pano de raso, medias de seda, zapatos de medio tacón con fibela dourada e o padal postizo, que tamén lle quitaba anos do lombo. Abofé como, só con vela, enmeigaba máis ca nos mesmos momentos en que estaba exercendo de meiga.

Tan presto me explicou que se dirixía a un aquellarre, non puiden conterme e dixenlle:

—¡Carafio!, pois, se tódalas que asisten se presentan tan elegantes coma tí, en lugar dun aquellarre vai parecer un desfile de modelos.

Sorriu agradecendo o cumprido, ergueu o parche co que tapaba o ollo daniño, pois, polo visto, as meigas que teñen capacidade de bota-lo mal de ollo, deben oculta-lo ollo co que poden facer mal ó voaren para non perder fluidos negativos co cambio de presión atmosférica e para non prexudicar indiscriminadamente ó ollaren desde aló arriba. Logo respondeume:

—Cala a boca, home, cala a boca. Tí non entedes nada disto, que non fuches iniciado ó seu debido tempo. Nos aquellarres da noite de San Xoán é preceptivo presentarse co uniforme oficial de meiga, que é a vestimenta que uso a diario; pero, como eu veño acudindo tódolos anos ó aquellarre desta noite en Sevilla, deixo un uniforme por aló dun ano para o outro. Gárdamo unha compañeira de Alcalá de Guadaíra, para non ter que andar eu cargando con el cada vez que vou e veño. Xa está medio raido da couza, pero, tratándose dun uniforme de meiga tradicional, iso ainda contribúe a darmme máis prestixio.

Volvíñeu a tratar de saber:

—¿E logo por que non podes levar posto o uniforme durante a viaxe? Así non terías que andar cambiando de roupa, ¿ou é que te vestiches tan ben só para vir a xunto de mí?

Interrompeume ela:

—Non, que contigo teño abonda confianza para que me vexas vestida coma cada día ainda que sexa fóra da casa. É que penso quedarme uns días por Sevilla e teño proxectado mercar unhas vinte latas de aceite de «La Giralda» baixo en acidez, a prezo de maiorista, que gasto moito en ungüentos, e non sería do caso presentarme en ningún almacén de aceite vestida de meiga. Para que

me fagan rebaixa debo vestir de muller  
empresaria.

— ¡Ah!, — díxen eu, e seguin preguntan-do-, ¿E pensas leva-las vinte latas  
de aceite voando contigo? Terás que  
aparella-la vasoirá cunhas alforxas.

Seguiu tamén respondendo ela:

— Non. Conto con que mas leve o  
Poceiro, ben o coñeces, que fai moitas  
víaxes ó sur coa furgoneta para  
distribuir viño de Cacabelos con deno-  
minación de Ribeiro.

Despois dos saúdos de rigor e desta  
breve conversa inicial, pasei a interro-  
gar:

— ¿E logo, que te trae por aquí? ¿Hai  
algo de novo por aló?

Ela, tratando de non sobresaltarme,  
pero ó mesmo tempo deixando adiviñar  
certa reserva, contestou:

— Home, de novo, polo de agora, non  
hai nada quetí non saibas; pero sospeito  
que podería habelo se non se toman  
precaucións en tempo oportuno.

— Fala logo abertamente, e non an-  
des con arrodeos, que desde que  
chegaches tesme desacougado, — díxen  
eu.

— Pois verás, — seguiu ela. — Tí xa hai  
tempo que non vas pola casa e tés un  
pouco esquecidas as túas obrigas  
conxugais.

— ¿Non virás comunicarme que entre  
a míña muller e maio Bertoldo hai algo  
máis ca relacións estictamente

laborais?, — volví a preguntar eu moi inquedo.

Seguiu ela procurando serenarme:

— Tranquilo; que, de momento, non hai por que sobresaltarse, pero conviña reforza-los vencellos matrimoniais, por se un caso, que desde que se teñen os fillos criados non poucos matrimonios entran en crise.

— Pero, ¿fálase algo, por ali?, — interrompí ansioso.

— As linguas son malas de atar... Moitas veces fálase sen fundamento, máxime das persoas públicas... e os afiadores ben expostos estades ó público, — volvے a temperar ela.

— ¿Haí fundamento neste caso?, — case implorei eu.

— Acouga e non te precipites, — calmou ela. — Coido que polo de hoxe fundamento non hai, pero compre poñe-los medios para que non o haxa tam poco no futuro, ¿estamos?

— A ver, logo, ¿que medios hai que poñer?, — dixen, dispúxenme, de mala gana, a colaborar».



## **IX.—As xentes da chamada alta sociedade nunca lles preguntan ós futurólogos polo traballo**

Volveu a preguntarille Indalecio ó gato:

—¿Ti destas cousas de crises matrimoniais ben sei que non entendes, Feliciano? ¿Ou entendes? Se cadra entendes máis do que parece.

O gato tampouco respondeu. Permaneceu estático fitando ó amo coas meniñas dos ollos coma dúas raias verticais inmóviles, e aló nos seus adentros preguntándolle á súa vez:

—¿E ti entendes, Indalecio?

O home volveu a botarlle outra ollada; porque lle chamaran a atención as raias tan brillantes das pupilas; pero, como non deu lido nada nelas, seguiu lendo no caderno:

«Verás, —continuou aleccionándome a Sabina—. Neste aquelarre xuntámonos meigas e bruxos de toda España, e venen tamén delegacións do estranxeiro. Hai relatorios, táboas redondas e feira-exposición de elementos maxísticos e de productos esotéricos. Penso facerme con algunas substancias para preparar fil-

tos preventivos de casos coma o teu; porque, tal e como vai o mundo, poida que nun futuro próximo gran parte dos nosos servicios teñan que ser orientados nesa dirección.

—¿E logo? —preguntei eu coma un pampo.

Respondeu:

—Xa se ve que deixaches de ser nómade ó optares polo asentamento nesta factoría e que non andas sobrado de información. Vas perde-lo tren do que chaman modernidade.

—¡Bo! Aquí levo unha vida sereia e calmosa. Levo recorrido tanto mundo que xa estou de volta de moitas modernidades, —comentei eu e seguin preguntando— ¿Que substancias son esas?

En son de quen domina moi ben a materia de que fala, respondeume:

—Hai que mesturar varias e tamén hai varias fórmulas, pero en case todas as que eu coñezo para estes mesteres entran, polas súas virtualidades esotéricas e cabalísticas, as follas de Bethel, o zume de Sangubiño de Singapur e a flor de «Pasión del hombre» tibetana. Zume de Sangubiño ainda teño, e flores tamén, pero o que escasean son as follas de Bethel, que vienen da India e está moi controlada tanto a súa exportación como a súa importación, pola cuestión do tráfico de estupefacientes.

—Entón. Non hai nada que facer, —volví a intervir eu decepcionado.



—Acouga, home e non sexas tan negativo, —cortou ela con certa autoridade—. Vai vir ó aquellarre unha tal Nabutai, que é a miña subministradora habitual de productos enfeitizantes exóticos, e conto con que, entre outros encargos, me traía camufladas as devanditas follas.

Xa más confiado, comentei:

—Menos mal! Pero, ¿págalle a pena vir desde a India a Sevilla por unha soa noite? ¿Ou dura varios días o aquellarre?

Coma se se dispuxese a darme unha conferencia proseguíu:

—Para calquera meiga que se prece, un aquellarre, áinda que dure só unha noite, sempre paga a pena, sobre todo este do San Xoán, porque este está presidido polo Gran Castrón en persoas. Neste caso nunca delega as súas funcións de presidente, só deixa nas mans do seu demo de maior confianza, o insigne Azael, as cuestións organizativas. O Azael ven sendo unha especie de Director Xeral ou de Secretario Plenipotenciario. Nabutai aproveita a viaxe e quédase despois ata remates de outono pola Costa do Sol e pola Costa Dourada exercendo de futuróloga para a alta sociedade, pois os xeques, condes, baronesos e demás langráns que dormen de dia e troulean de noite sempre andaron moi preocupados polo seu

futuro inmediato. Esta clase de xentes goza de rebaixas nas súas consultas de futuroloxía, porque hai un aspecto polo que nunca preguntan. Queren saber sobre a saúde e sobre o que eles chaman amor, pero o traballo non lles interesa o máis mínimo.

Escapóuseme dicirlle:

—Non sei, que eu non dispongo de tempo para ocuparme desas andrómenas de futuroloxías ou como lles queirades chamar».

—¡Canta razón tiña! ¿Non che parece, Feliciano?, —insistiulle Indalecio ó mico.

Este seguiu calado atusmando cara un furado que lle cheiraba a rato e, pasado un anaquiño de tempo, volveu a irse deitar con moito disimulo a debaixo da artesa, pensando:

—Non fai máis ca meterme en camisas de once varas con preguntas más propias de filósofos ca de gatos... Como un dea confianzas..., xa se sabe.

Volveu aló Indalecio:

«Quíxen seguir sabendo da Sabina para irme preparando, se era necesario:

—E supoñendo que te fagas coas follas de Bethel, ¿cal é o paso seguinte?

—Non titubeou ela na resposta. Xa a había de traer ben pensada, seguramente:

—Pois, como a remates deste mes fai trinta e tres anos que casastes, poderías aproveita-la ponte do San Pedro, que este

ano cae en venres, e vírtel comigo para face-lo tratamento axeitado.

A min non é que me caese aló moi ben que digamos o despazamento; porque ó achegárense as festas do verán sempre había máis coitelos e navallas que afiar e dixen, ou preguntei, que tamén é un xeito de dicir:

—¿E non haberá máis remedio?

Quedouse ela cavilando para si e logo respondeu:

—Se queres que se faga unha causa eficaz antes de que sexa demasiado tarde e con garantías de que non queden sencuelas, convén non demorar. Sería ben aplicarvo-lo tratamento convuntamente ós tres: a tí, á tua muller e ó Bertoldo. Con motivo do cabodano da vosa voda, invitádelo á cea e todo pode resultar máis doado e natural.

Asaltoume unha dúbida:

—¿E se por aí observo algo sospeitoso entre os dous e coas apócemas perdo o control e hai más ca palabras?

Ela, que semellaba non alterarse por nada, desfixo os meus temores:

—Non hai por que chegar a comportamentos violentos, xa que ainda non hai corpo de delicto. A tua muller non tén a culpa de conservarse de bo ver nin de que tí botes tempadas tan longas fóra da casa. O Bertoldo tampouco tén a culpa de ter ollos na cara e sentimentos case sen estrear no corazón.

—¡Aínda ha de acabar resultando que quen tén a culpa son eu! —dixen medio alporizado.

Coa mesma calma, seguiu sentenciando ela:

—Tampouco, que, ó non haber delicto, non se pode culpar a ninguén, pero, sen chegares a ser culpable, algo causante da situación sí que es por teres claudicado nos teus deberes de estar preto da túa muller, como lle prometiches, nas alegrias e nas penas, na saúde, na enfermidade e nas horas de monotonía.

Isto de escribi-las memorias será entretido e todo o que se queira, pero tamén é perigoso; que, coa conta de remexer no pasado, pode un esquecerse do presente. Eu case me esquecera de que neste preciso momento estou enterrado e iso paréceme a mí que é cousa abondo sería como para non esquecela por moito tempo».

—E eu esquecinme de meter outra cinta na gravadora e de atizarlle ó lume e así non vai dar levantado fervedura o caldeiro en toda a semana. E ti non avisabas lacazán... Fuches capaz de irte polo fachinelo sen avisar.

Indalecio, despois de dicir en voz alta todo o anterior, mirou arredor de si para botarlle as culpas ó gato de algo que era responsabilidade exclusivamente súa; pero non o viu por lado ningún. Estaba moi enrodelado debaixo da artesa facendo que durmía. Déranlle gana

de rir as andrómenas do amo, pero contívose por respecto, non sen un certo sentimento de compaixón por aquel home que comezaba a ter certas manías por mor da solteiría.

O home meteu outra cinta no casete e unha boa presada de tocos no lume e, un tris contrariado por mor de que o gato non estivese ó xeito para recibi-la reprimenda, que tamén é esa unha función moi propia dos gatos domésticos, seguiu lendo:

«Danme ganas de volver a probar con outro rezo a ver que pasa. Vou aló co «Señor mío Jesucristo...»

En silencio ellos quedaron abertos a mil preguntas, pero non se atrevían a abordar o tema. O gato, que non se separara deles, tamén permanecera en silencio, pero con unha expresión de gran curiosidade. Aínda que non se atreviera a falar, non deixara de escuchar. De repente, o gato abriu a boca e exclamou:

## X.—A grandes males, aínda que só sexan males potenciais, hai que aplicar remedios extraordinarios

Fixo un alto Indalecio para tratar de ir rezando tamén, acomodando o ritmo ó que supostamente se-ría o do afiador e, aínda que lle custaba traballo concentrarse, foi chegando ó remate despois de superar varios atrancos.

Logo, volveu a deixar apousa-los ollos no caderno.

«Tiven que arrincar sete veces, porque ó chegar ó «me pesa de todo corazón», alguén entretíñase en metérllleme unhas abaneaduras á caixa que mesmo parecía que se ía desgonzar por tódolos recantos; pero, por fin, ¡dino vencido!. E digo eu que mal non fará e, se non, xa se verá.

Nunca tanto escribín seguido en toda a miña vida. Se cadra, xuntando todo canto teño escrito desde que sain da escola non arromba outro tanto como o que levo escrito desde que estou aquí. Se me queda tempo hei de numerar las páxiñas por curiosidade. Ademais é práctico, por se se perde unha, para que se saiba cal falla.

Na nosa conversa en Torrijos seguiu dicindo a Sabina:

—No tratamento do voso caso de posibles interferencias amorosas, propónome infundirlle ó Bertoldo un certo noxo contra a túa muller e unha manía lívian que provoque rexeitamento e repulsión perdurable.

—Así e todo, manía será algo moito; que o mesmo a despide do traballo e pilla unha depresión, ¿non che parece?, —dixen eu, pensando máis no mal moral que se lle podía causar á miña muller ca no mal económico.

—¡Nada! ¡Nada!, —seguiu a Sabina moi resolta—. Impónse actuar con contundencia e sen miramento. Xa haberá tempo a mitiga-los primeiros efectos... Heille preparar ó Bertoldo un bebedizo como está mandado, porque, ademais dos ingredientes que mesture no voso, ó del voulle engadir ben moida e cribada a cinza do dente cairo dun inglés adulto, morto en cuarto minguanente. É un remedio que proporciona acción e reacción simultánea e súpeta. Procede do Antigo Oriente.

Case sentín misericordia polo Bertoldo e considerei:

—Ben cadrará que non saiba o que bebe, que, se acertase a sabelo, o que se lle proporcionaría sería unha regurxitación aguda e quizabes crónica que lle faría bota-losfigadoselle im-

pediría reter alimento no estómago para o resto dos seus días.

Ela, supono que por estar ben afeita a administrar beberaxes desas, dixo moi segura de si:

—Tranquilo, que non tén por que sabelo.

Eu rompín a suar e dixen:

—Se iso lle vas facer ó Bertoldo, que pode ter desculpas, ¿quen sabe a que me agardará a min que, polo que dixeches, son o causante?

—Tí e a tua muller, —seguiu ela—, teredes que beber infusión das follas de Bethel, que saben parecido ó té, con outros ingredientes que xa saberedes ó seu debido tempo, pero que son todos de procedencia vexetal. Parte do voso tratamento farase por via cutánea.

—¿Por via que?, —preguntei eu que sempre sentín alerxia ás lavativas.

Respondeu a Sabina, disimulando un sorriso:

—Por contacto coa pel. Sen dicirlle nada á muller, tés que asperxa-la cama co que eu che diga, sen que se note que andaches remexendo entre as sabas.

¿Qué máis tería que notase a miña muller que eu andara remexendo nas sabas ou que non?, —pensei polo baixo e rosmei por entre dentes.

—Está ben. O que tí digas, cando tí digas e como tí digas.

Logo, xa de mellor xenio, segúin pre-guntando:

—¿Con que hai que asperxa-la cama?

Non quixo aclararse ela:

—Iso xa cho direi cando vaimos cara aló, que haberá tempo de sobra duran-te a viaxe para falar diso e doutras cousas. O que teño que saber agora é se estás disposto a vírtel comigo para Verín cando eu retorne, ou non.

Pouco tempo necesitei para dá-la miña resposta, ainda que me facía boa falla o convencido que estaba:

—E haberá que estalo; porque será ben face-los posíbles para que non se desfaga o que está feito de vello xa que non se desfijo antes.

Volveuela a tapa-lo ollo do mal, atou o pano debaixo do queixelo, facéndolle dous nós, sacou dunha faldriqueira un frasquiño do que verteu unhas pingas nas mans, deulle unhas fregas de untura á vasoira con aquel ungüento que dixo ser de mofo de occipital felino, púxose á carranchapernas, tomou carreiriña e, xa despegando, dixo:

—Entretivenme máis da conta e ago-ra vou ter que excede-la velocidade aconsellable, cos perigos que iso supón. Teño moita presa, porque hai que fichar en tempo, que temos bís a bís co Demo Maior polo orde en que ímos chegando e, por parte de tarde, tamén el acusa a canseira. Pasado mañá destas horas recóllote. Xa podes estar bañado e vesti-

do. Leva o imprescindible, pero vai ben abrigado por mor das correntes de aire frío e, se non a tés aló, leva tamén a garabata, que tés que estar elegante, pois trinta e tres anos de casado non se celebran tódolos días. Quero poñe-los medios para que chequedes a celebrar tamén as vodas de ouro».

—Feliciano, ¿onde andas? Estes días de neve áinda has de cazar algún gorrión, pero ¿non che gustaría ser meiga para cruza-lo ceo nunha vasoira e caza-los polo aire?, —preguntou Indalecio.

O gato non se moveu de onde estaba, pero pasou a lingua polos bigotes lambendo unha ilusión.

Andaron no picaporte da porta da casa do forno e Indalecio meteu o caderno debaixo das cachas e agachou o magnetófono entre o chaleco e a camisa sen acordarse de apagalo coas presas.

Era súa irmá, que lle dixo desde fóra en son de rífar:

—¿Por que tés que pecharte por dentro? ¿E, se che acerta a ir mal, como entramos?

El ergueuse instintivamente para ir abrir, pero antes de dirixirse á porta, dobrou o caderno e gardouno no peto de dentro da chaqueta.

A irmá foise dereita a destapa-lo caldeiro e increpou a Indalecio:

—¡A ver se non o dás aferventado hoxe! ¡Non sei que diaños che pasa!. Vas acabar coa leña e, como siga nevando do xeito que neva, ha de facer boa falla todo.

Espeliu o lume ela mesma e volveuse a ir tan apurada como viñera, limpando as mans cheas de borralla ó revés do mantelo.

Indalecio non se atreveu a volver a pechar por dentro e desistiu de seguir lendo; porque áinda non se restablecera o suministro de fluído eléctrico e coa pouca luz que entraba pola afumada lumieira do teito non abondaba, que aquel día, por estar o ceo toldado, anoitecía máis cedo.

Pensou en alto como acostumaba a facer:

—Se vén a luz, xa seguirei lendo na cama e, se non vén, malo sexa que non haxa unha vela.

Pero de repente veulle o trasacordo e dixo a media voz moi sobresaltado:

—¡O malo é se o Martiño morre de vez entre tanto!

O gato oíu e, a pesar de que non estaba de todo ó tanto do que acontecía, algo sospeitaba, e pensou para os seus adentros:

—Este ha de acabar volvéndose tolo de remate con tanto ler nesa historia, e se non, xa se verá.

Así que levantou fervedura o caldeiro volveu para a cociña que tamén estaba en media penumbra.

Todos gardaban silencio, porque desde que o televvisor lles fora engulindo a palabra, parecía coma se perderan a capacidade de falar.

Indalecio non deixaba de matinar en se volvería a atopar con vida a Martiño.

De súpeto, exclamou a cuñada:

—¡Gracias a Deus!

E o irmán remachou:

—Xa dicía o catecismo: «El primero es ver con los ojos».

Viñera a luz.

O afillado ergueuse apurado e foi acende-lo televisor.

Indalecio tamén se ergueu a toda présa e, botando a andar cara a porta, só dixo:

—Eu non quero cear. Voume meter na cama... A ver se non volve a tronar esta noite e recupero o sono atrasado.

Ó tirar pola porta desde o lado de fóra escoitou que comentaba súa irmá:

—Moi raro estivo hoxe todo o día.

—Será que vai vello, —quixo razoa-lo pequeno.

Librouse dunha labazada de seu pai, porque lle cadraba a contramán; pero tivo que oír:

—¡Que ha de ir vello, mocosos! ¿Que saberás ti o que é ir vello? Será que o alterou a treboada.

Coas presas Indalecio deitouse a medio espir. Tremaba só de pensar que ó volver a abri-lo caderno podía atoparse co resto das páxinas en negro. Buscou axiña o punto onde quedara e respirou aliviado e desconcertado ó mesmo tempo cando, ó poñerse a ler, se atopou con estas palabras:

*«—Estaba aquí, amigo Indalecio. Estaba aquí aguardando por tí. ¿Non o notas no tacto do mesmo caderno que vou arrefriando paseníñamente?».*



## XI.—O tempo non dá pasado cando se contan tódalas horas do día e da noite

Indalecio ó ler estas últimas palabras deu un pulo que fixo renxe-la cama toda enteira. Era malo de crer que algo ou alguén dialogase cos seus pensamentos. Agora non tremaba só de pensar. Tremaba tamén de sentir. Semellaba que o mesmo caderno latexaba nas súas mans. A mesma voz gravada acusaba unha emoción especial cando seguiu lendo:

*«Nos douis días que tardou a Sabina en volver, andei nervioso e desacougado. Non daba pillado o sono. Caíanme as ferramentas das mans e tremábanme as pernas coma se lles fallasen os gonzos. Tiven tempo para repasar algúns detalles da historia da Sabina; pois prefería pensar na súa historia a pensar na miña, xa que, pensando na miña, sufria más.*

*Por ir enchendo papel contarei só algunas das cousas que dela lembrei mentres agardaba o seu retorno.*

*Nunca escoitei dicir que fose meiga chuchona, ou sexa:*

*desas que zugan o sangue dos pequenos mentres dormen, ou os calostros das vacas cando paren.*

Tampouco oin que fose desoutras bruxas propriamente malévolas que gozan facendo dano. Paréceme que, se algunha vez se viu obrigada a causar danos nas cousas, nas reses ou nas persoas, foi por imperativo profesional e a petición de parte.

Confesoume ela mesma que estaba capacitada para oponer resistencia a certas imposiciones dos axentes diabólicos, debido a que tiña impresa debaixo da lingua unha cruz de cor lila.

Unha calidade que tamén tén é a de ser saudadora, que poucas meigas o son de verdade. Este poder teno pola nacencia, non por adquisición posterior; pois naceu en venres santo, cousa moi pouco frecuente.

Pode restitui-la saúde mesmo co bafo; salvo nos casos de grandes escaldaduras. Nestes casos tén que recorrer ó cuspe para quita-lo fogo se segue vivo, ainda que latente, cocendo a pel no lugar escaldado.

Algo polo estilo debe ser o que me pasa a mí. Sí, seguramente sigo medio vivo e medio latente. O que me intriga é saber para onde levarian a parte de mí que levaron. Debe de estar ben amarrada para non volver dar unha volta por aquí onde quedei eu... ¿E se volvieu e non me din conta por estar distraído e enfrascado na escritura?

Se cadra, veu e está comigo e eu sen decatarme... Pois, é probable que estea

comigo esa parte da que me expropia-  
ron; porque, ¡escoitouse dicir algunha  
vez que se lle ocorrese rezar a un home  
espoliado da súa parte máis espiritual?  
De aquí a un pouco, se ainda son dono  
dun pouco máis de tempo, intentarei  
rezar outra vez.

Estou observando que me volví moi  
rezador. É certo que nunca perdí o cos-  
tume de facer algún rezo pola mañá e á  
noite polos meus defuntos e polas án-  
imas benditas; pero polo medio do día  
non me lembra desas cousas a non ser  
que pasase por diante dalgúnha igrexa  
ou que sentise tocar a morto.

Poida que xa non sexa dono de moi-  
to máis tempo, que, para saber se teño  
pernas ou non, xa me vexo obrigado a  
apalpalas. Nin as sinto nin me doen co  
frio. Teño escoitado dicir que algúns  
senten ir subindo a morte desde a pun-  
ta dos pése cando chega ó corazón, izas!,  
acabouse. Isto é coma un deixarse ir. E,  
se tivese seguro o que non teño, poida  
que incluso estes momentos fosen de  
sosego; pero así, resultan angustiosos,  
sobre todo pola incerteza. Tamén se me  
varreu o sono por completo. Se non fose  
porque quero acabar o que empecei, case  
desexaría que se fixese de noite de vez a  
ver se amencia nunha claridade de paz  
e repouso para os ollos da alma. Xa me  
tén tocado vivir algunha vez amenceres  
deses que un non atopa palabras para

explicar, pero que enchen todo o ser dunha luminosidade tenra, tranquila, envolvente coma o colo morno dunha nai. Téñome adentrado nalgún deses amencerces ó coroar algunha montaña tras da miña roda e descubrir inesperadamente do outro lado un val inmenso do que se ía erguendo pasenxadamente un manto de brétema gris, deixando trasver aló abaixo centos de maceiras en flor.

Desexaría escribí-la palabra «Amén» e rematar, pero... supón que debo seguir».

Indalecio respirou fondo e falou co caderno, ou con quen fose:

—Segue, Martiño, segue, e acaba dunha vez, home, que me estás contaxiando a min tamén a túa angustia.

Non lle fixo ningunha gracia cando víu que o caderno volvía a falar da Sabina e non do afiador, pero, con todo, seguiu lendo, ansioso por chegar ó remate:

«O que máis se lle axeitaba á Sabina dentro das súas calidades de restablece-la saúde era o arte de ergue-la «paletilla». O mesmo que pescudaba, ou pescuda, extraviados e extraviadas a distancia, tamén pode ergue-la «paletilla» a moitos quilómetros.

Como, polo visto, a causa principal desta doença é un mal aire, ela cura

tamén polo aire, sempre que as correntes sexan favorables.

Escoitei dicir que estaba en posesión duntalismán moi cobizado, que xa tiña detrás de si historias de varias mortes por mor de posuilo, e que fora confeccionado por sete vellos monxes templarios alquimistas conforme ás fórmulas herdadas de San Alberte Magno, pero nunca ousei preguntarlle se era certo. O que si lle oin ó crego da parroquia, ainda que as súas relacóns coa Sabina non tiñan nada de cordiais, foi preguntarlle se tiña visto un libro que me parece que lle chamou algo así coma: «De Lapidibus Insignioribus» de San Isidoro, e ela non dixo que si nin dixo que non, polo que o crego debeu saca-la conclusión de que ¿quen sabe?

¿Como me viría agora á mente o título dese libro; pois levaba anos tratando de recordalo sen conseguilo? Cando me lembra de «lapidibus» non lembra «insignioribus» e cando lembra «insignioribus» non lembra «lapidibus». Total era o mesmo, porque non sei o que quere dicir ningunha das dúas palabras. Lembralas agora o mesmo quere dicir que se vai facendo más lúcida a mente ó irse desenxertando do lastre corpóreo.. Tamén estou estrañado da soltura con que estou escribindo e dalgunhas expresións que se me ocorren. Ata hai vocábulos que, se

os coñecía de antes, deberon ir apousando aló no máis fondo da memoria e quedaron asolagados por outros vocábulos que foron caendo enriba co paso dos anos e coa chegada de novas vivencias. Coas palabras tamén debe pasar que ó remexelas atópase un con algunhas que xa nin sabía que as tiña gardadas».

Indalecio interrompeu brevemente a lectura para levar ámbalas mans a cadanseu lado da testa. Dúas pequenas dores separadas polo medio viñeran facer niño nos seus miolos parietais.

Mirou as páxinas que lle quedaban e, visto que xa non eran moitas, seguiu, pero antes de seguir ergueuse beber auga, debido a que, de tanto ler a media voz, secábanselle as galaxes:

«Na súa casa hai máis de cen botellos todos marcados con rótulos coma: «Pedra de ventre de andoríña, para a epilepsia», «Diamante, contra insomnio e pesadelos», «Pedra aleatoria contra a sede febril», «Corindón violado», «Crisopraso», «Beleno», «Beladona», «Mandrágora procedente de patíbulo», «Artemisa de Marcelo de Bordeau», e así, unha ringleira que eu, a pesares de que parece que se abriu unha lumieira na testa, non son home de recordala toda enteira.

Quen iniciou á Sabina nas artes da meiguería foi unha criada vella dun

pazo ó que a Sabina fora tamén servir sendo ainda neniña. Cando a vella morreu, mesmamente antes de das últimas boquexadas, meteuille nas mans á Sabina unha cazola de barro sen vídrar na que gardaba o unto de meiga, e aquela mesma noite presentóuselle, en forma de íncubo, Erimigit, que, por culpa dela, foi degradado de demo maior a demo mediano. Este Erimigit entregouille un pergamiño timbrado que a acredita como meiga de acceso directo.

O de ser degradado foi debido a que coas presas non reparou en que a Sabina tiña debaixo da lingua a cruz de cor lila á que xa me referín, circunstancia que, como xa díxen tamén, permitelle oponer certas resistencias ó señorío avernal.

O mal de ollo quen llo traspasou foi un soldado que servira na Lexión.

Omitiría de boa gana algúns detalles; pois non quixera quedar ás escuras sen antes aclarar cal foi o accidente que motivou que eu estea na situación en que estou; pero ó mesmo tempo estou envolto en dúbidas; porque non sei cal é a razón de que ela me dixese: «Relata, conta, narra. Fala de tí e sobre todo de mí».

Eu non entendo máis; pero sospeito que a Sabina ha de pasar ás historias do meiguicio galaico...

Danme ganas de volver a rezar. Vou aló co «Confiteor Deo Omnipotente»...

Nin curto nin preguiceiro dixo Indalecio:

—Pois aí che van tamén dous responsos de parte miña, ¿ou faranche mal? Por Martiño...» Pater noster qui es in caelis, sanctificetur nomen tuum»... Por «el mesmo, Pater noster»...

Despois de remata-los rezos continuou coa lectura:

«É curioso; pero desta vez non tiven interrupción de ningunha clase durante a oración. E non sei se sería unha figuración miña, pero pareceume que sentía como se alguéñ estivese tamén rezando por mim.

A Sabina foi guapeteira de nova. Un día que estaba leda, cousa que poucas veces acontecía, pois vía ou intuía moitas miserias humanas que a sumían na tristura, confessoume que fora aclamada por unanimidade como a meiga con menos cara de bruxa aló nun Conciliáculo de Coimbra.

Pero onde más sona adquiriu foi no Congreso Internacional de Walpurgis, cando obsequiou ós congresistas cunha queimada de augardente da Ribeira Sacra, e cun esconxuro invertido, ou sexa: cun esconxuro feito, non para esconxura-lo mal, senón para conxurar maleficios.

Domina as ciencias da quiromancia, a batracomancia, que é a arte de adiviñar servíndose das ras, a cleromancia, que utiliza as fabas e os

*fabulos e ¡que sei eu cantas meiguerias  
máis!*

*Foi a organizadora de catro  
expedicións das meigas galegas que  
tódolos anos saen xuntas dos areais de  
Cangas do Morrazo, ó son das doce  
badaladas da campá de Coiro, para os  
aquelarres da noite de San Silvestre que  
se celebran en lugares alternativos».*

—Oí Martiño, estás tème indo dala volta moi aberta  
e vou cansar de ler, —dixo Indalecio, e a continua-  
ción, case non puido dar creto ás palabras que  
encetaban o parágrafo seguinte:

«Ten compaixón e paciencia, que, se  
me alongo, é por mata-lo tempo e, de  
paso, por manterme esperto... ¿Mata-lo  
tempo? ¿Quen inventaría ese dito? O tem-  
po non é para mata-lo, senón para  
vívilo. Se non se vive non fai falla  
matalo, que xa morre el por si mesmo.  
¿E que é o tempo? Nesta situación miña  
o tempo é outra cousa. Eu aprendera a  
calcula-lo tempo que me podía levar  
afiar unha ducia de coitelos  
dependendo do tipo de folla, máis ou  
menos larga ou ancha, e da clase do  
aceiro. Vivía o tempo con vistas ó mañá:  
ser grande, ter casa e horto de meu, ca-  
sar, cria-los fillos, mercar outra roda  
máis moderna, morrer de vello despa-  
chado contódolos requisitos. Era o porvir  
o que tiraba por mí e me daba folgos  
para arrepuxa-la roda. Pero a morte,

que eu coidaba que sempre camiñara tras mí, pasoume diante de súpito e sorprendeume raposeiramente. Matándome o tempo futuro. Agora, sen lindes imaxinarias que o derreguen, o tempo non tén sentido. Ou. Se cadra, son eu o que perdí o sentido do tempo. Quizabes o tempo xa non exista para mí e, se me esmorece o tempo, ¿qué me queda?»

—Pois quedará o baleiro ou a eternidade que din que tampouco tén lindes,—comentou Indalecio antes de seguir:

«Mentres a Sabina non chegou para recollerme e levarme consigo deume tempo a pensar moitas cousas e decidín volverme definitivamente para a miña terra. Xa había tempo que a saudade me apertaba o corazón. Tiña medo a atoparme cunha realidade que me doese no espírito, pero o espírito xa o tiña permanentemente dorido tan afastado das miñas raíces. Mesmo estaba disposto a ponerme eu tamén a afiar para o Bertoldo. Eu seguialle querendo á miña muller e, cando se quere de verdade, estase disposto a pasar polo que sexa. Quizabes sexa certo iso de que ás veces interpoñer espacios medio baleiros entre os que ben se queren axuda a reforzar-los vínculos esmorecentes, esmoucar ramallas inútiles e a cavilar en canto se pode perder, se se perde de vez o que formou parte esencial da afectividade.

Matinando nestas cousas notei que recuperaba tenrura, xovialidade e ganas de vivir, enchoupando de novo as miñas raíces na miña terra húmida. Así que pedín a liquidación en «La Toledana», sentindo tamén pasar definitivamente outra páxina da miña historia. O supervisor de afiaduras comprometeuse a facturarme a roda.

A despedida foi moi emotiva, pois dixerónme que xa sabía onde deixaba a miña casa e que, probablemente non contratasen a ningún outro no meu sitio. Con todo, tamén me advertiron de que se eu quixese reenganchar, aceptarianme como afiador maior, con categoría e soldada de capataz.

Quedamos en felicitarnos polo Nadal; pero non se deben facer proxectos a tan longo prazo, pois ¿quen me ía dicir que xa non viviría na terra un novo Nadal?

Por fin chegou o día da desgracia, ou mellor dito: das desgracias, porque viñeron varias xuntas.



## XII.—Non se debería asinar nada sen saber primeiro a que compromete

Adiantouse a xogar a adiviño Indalecio antes de seguir lendo:

—Seguro que ó atoparte co Bertoldo non te puideches conter, leastes e meteuche unha facada no entrecosto que acabou contigo, ¿ou envenenariáte a túa propia muller? ¿Ou sería a meiga, que estaba de acordo con eles, e deuche unha apócema mortal?

Ó volver ó caderno atopou máis respostas das que agardaba:

*«—Tí límitate a ler, Indalecio, e non te adiantes ós acontecementos, nin fagas cábalas apoiándose en bases ímaxinarias.*

A Sabina volvےu de retorno o día que dixerá con dúas horas de sol, pero eu xa estaba traxeado desde o medio díía.

Lavárame ben, afeitárame e vestíra a mellor roupa que tiña. Avantaxe para o da funeraria, que así non tivo que andar quebrando a cabeza a ver como me había de poñerla chaqueta sen abrirlle a costura traseira.

Xuntara e metera en caixas as miñas poucas pertenzas, para que mas facturasen xuntamente coa roda e agardei a que pasasen as medias horas medidas polo reloxo do campanario veciño. Recorrín varios quilómetros entre dúas oliveiras que distarian cento cincuenta metros unha da outra. Era o meu un andar nervioso, sen refixeiro, porque sentado nontiña acougo nin paradoiro. Ben sei que máis de catrocentas veces mirei cara o ceo por se a vía vir planeando. Ata me confundiu un voitre que debía te-la camada preto de ali.

Por fin chegou. Víña leda, do que deducín que lle resultara gratificante a súa estancia no aquelarre; pero parecía vir apurada.

O primeiro que lle preguntei foi:

—¿Fixécheste coas follas de Bethel?

Respondeu mentres destapaba moi á presa un botelliño e mo daba á man para que eu bebeses o seu contido:

—Fixen, pero xa teremos tempo a falar diso polo camiño. Agora bebe e imonos.

Bebín un grolo e volví a preguntar:

—¿Teño que bebelo todo?

Impaciente volvےu tamén ela a responder:

—¡Todo. Non deixes nada!

Bebín dun trago o que quedaba. Amargaba coma as xestas. De contado, comezou a dar voltas o chan arredor de min en dirección oposta ás agullas do reloxo. As cousas desdebuxábanseme.

—Maréome, —dixen con voz quebrada.

—Iso pasarache en seguida. ¡Asina aquí co teu nome e os dous apelidos!, —dispuxo ela moi imperativa.

Presentoume unha folla encabezada en letra de molde na que había outras sete sinaturas. Algunhas eran lexibles, pero reconecín dúas ou tres de persoas que non vou descubrir, porque non teño necesidade de difamalas. Antes de asinar preguntei:

—¿Qué é o que asino?

—Fai o que che mando e non preguntas, —volveu a imponerse ela.

Cando acabei de cumpri-lo seu mandato volví a preguntar:

—¿Que asinei?

Escapóuselle unha gargallada e respondeume:

—Asináche-la venda da túa alma ó demo para poderes vixar comigo de acabalo da vasoira. O que bebiches é para que consiga-la levitación.

A continuación, baixando a voz e velándose coma se temese que alguén a escoitase, murmuroume ó oido:

—Cando chegemos a Verín habemos busca-la maneira de rescindi-lo contrato, que o demo, ainda que é o pai da mentira, tamén pode caer na reteira e ser víctima de enganos arteiros.

Agora, desde este lugar e desde esta incerteza en que estou, paréceme que, por

*mor do bebedizo, non souben moi ben o que fixen nin tiven a debida liberdade para non facelo e iso será unha atenuante, ¿non?».*

—Claro que é, —respondeu Indalecio—. E incluso poida que sexa unha dirimente.

Cido que un bo avogado pode consegui-la declaración de nulidade do contrato de venda. E por aí por onde estás, ou por aló para onde vas, ben seguro que ha de haber bos avogados, incluso de oficio. Ademais, non teñas medo, que, ou moito me equivo-co, ou hache tocar un xuíz misericordioso.

*«Acabalguei sobre a vasoira. Comecei a notar que perdía peso e que, por más que ollaba para mí mesmo, deixaba de ve-lo meu propio corpo. Tratei de agarrarme á Sabina, pero só sentía a súa presencia, sen nota-lo seu físico contra mí.»*

*Erguémo-lo voo sen brusquidades nin capoteos. Eu xa non atinaba a sentir nada do que constituía o meu corpo e, non obstante, estaba ben seguro de que o meu cerne, aquello que era o meu ser más real, ía comigo. E, ainda que non me via a mí, percibia o que pasaba arredor e por debaixo.*

*Pouquiño a pouco, a roda, que quedaba aló no fondo, iase facendo más pequeniña ata que unicamente foi un puntiño, e despois..., xa non foi nada*

máis ca un sentimento e unha saudade.

Fendiamo-lo espacío sideral coa suavidade dunha pluma, á procura dun obxectivo e dunha meta: salva-lo que ainda quedase dun amor comprometido e compartido.

Tódolos pobos, tódolos campanarios e case tódolos ríos que pasaban cara atrás por debaixo de nós éranme coñecidos e amigos.

—¿Pódese falar?, —pregunteille á Sabina, sen vela, pero sentíndo-a.

—Pode, —respondeu—, pero ten coidado de que non se che conxele a palabra ó atravesar bancais de saraiba.

—¿Quéresme dicir agora cal é o tratamento que tés proxectado facernos á miña muller e máis a mí?, —supliquei

—Pois, despois de que bebáde-la infusión de follas de Bethel durante a cea, asperxa-la vosa cama, como xa che dixen, con óleo de lirio branco mesturado a partes iguais con flacutoria tenra, e lastrar por debaixo do leito con flores de «Pasión de hombre» e poñervos atados ó pescozo douis saquínos de varias substancias que non che vou revelar.

—¿E dará resultado?, —seguin preguntando

—Xulga por tí mesmo, —seguiu respondendo—. Unha vez apliqueille este sinsalabin a unha parella de vellos

farmacéuticos de beiras de oitenta anos, que viu en perigo a súa estabilidade marital nos anos derradeiros e desde que fixeron o tratamento comenzaron a revívilos tempos mozos de cando eran noivos.

—Pois iso tamén debe ser perigoso a certas idades, que a paixón dos vinte anos non cadra cos oitenta, —considerei eu.

—Sobre todo pode resultar esperpéntico, —puntualizou ela—. ¿Qué pensarias se te atopas con eles nun recullo dunha cafeteria facendo «manitas» e dicíndose «cuchi, cuchi», «palomo mio» e «muñeiquita linda»?

—Home, iso ainda podería ter un pase, —dixen eu sen moita seguridade.

—Sí pero o caso é que a «muñeiquita linda» podia pesar arredor dos cien quilos en bruto, —aclarou ela.

A min só de imaxinalo, e probablemente motivado tamén por tanta nerviosidade acumulada, deume por rir de tal xeito que primeiro foron gargalladas, logo, saloucos e, de remate, escachizarme coa risa. Ela tamén se contaxiou e a vasoira comezou a capotar ó mesmo ritmo que se comprimían e se dilataban os nosos etéreos diafragmas.

Con fala entrecortada polas risadas advertiu ela:

—Non podemos rír deste xeito. ¡É perigoso! ¡Moi perigoso! ¡Estou perdendo o control da vasoira!».

—Vaia que perdéste-lo rumbo e vos esfachastes contra un picato, —dixo Indalecio.

«—Non. Esfachámonos contra unha avioneta dun laboratorio que se dedicaba a sementar escaravellos nas leiras de patacas para despois vendérlle-lo sulfato ós labregos.

No momento de producirse o impacto recuperei toda a miña corporeidade e baixei escentellado cara o chan. Menos mal que a caída xa foi dentro da demarcación do meu partido xudicial e tocoulle actuar para ergue-lo cadáver a un forense e a un xuíz que me coñecían, poistíña eu afiado moito para as súas familias e para eles mesmos, e fixeron a vista gorda; porque, se lles dera por facerme a autopsia, supono que non habería posibilidade de que conservase esta especie de vida astral na que me sostiven ata agora.

A miña muller levará loito por mí, e, como os loitos das viúvas dos afiadores son moi rigorosos o mesmo có das viúvas dos mariñeiros, poida que se meta na casa e ata deixe de afiar de vez.

Non sei se anoitece fóra ou dentro de mí. Apágase a luz. Cójdate, Indalecio, e moitas gracias... Deus me valla... Deus me axude... Deus me perdoe... ¿Por qué

*será que cando rezo non con palabras  
apresas rezo en galego? Vexo diante de  
mín un val inmenso ateigado de  
maceiras tabardillas en flor... Amén»*

Ó chegar a este punto e final, Indalecio iniciou outro prego:

—«Por el mismo...Pater noster...»

Cando aplicaba polos defuntos o Noso Pai sempre o rezaba en latín tal como o aprendera sendo sancristán. Antes de entrar no: «sed libera nos a malo», comezou a esfarelárselle nas mans o caderno de tapas floreadas e, de entre as súas cinzas, saíu voando lixeira unha bolboreta, que na Chaira tamén se chaman avelaíñas ou pitiñas de Deus, tan branca como a neve que durante o día caera pasenixamente sobre o val.

Indalecio ergueuse para abrirlle a ventá á bolboreta. A noite era maina. Sorteando as folerpas, a avelaíña enfilou dereita cara á Vía Láctea, que se deixaba adiviñar aló arriba, coma se buscase a quentura dunha estrela máis aló da friaxe.

Aínda que seguía nevando, xa non ía nada de frío.

en nolleulonco sanguin e raspar el sombrao  
ellos el sñor e omeño o ensyeno ou co sños el  
sínta obstante na omox olombliga. Olosabri en  
el Ríos sub acomedianoq obtemor onteme, non

### XIII.— En tódalas historias poden quedar puntos escuros

Despois de escoitar varias veces as cintas e de transcribilas, tiven longas conversas con Indalecio antes de poñerme a darles xeito para que outros puidesen le-lo seu contido.

Pouco a pouco foi tomando consistencia a tese de que o Martiño remitente do escrito tiña que ser aquel afiador que durmía na súa casa cando el aínda era neno pequeno, e que, ó chegar de viaxe, el mesmo ía arrincar ó palleiro o feixe de palla no que se deitaba no celeiro, pero que deixara de vir cando o neno aínda non tiña dez anos. Indalecio non gardaba memoria de ningún outro afiador co que tivese trato. Aceptado que fose ese o Martiño en cuestión, aínda quedaban varios aspectos da historia que non nos cadraban, tal como a idade exacta que podería ter se seguisse vivo no momento de remiti-lo caderno. Botando contas dábanos que, supoñendo que tivese uns trinta anos cando Indalecio era pequeno, e tendo este arredor de sesenta cando recibiu o escrito, debería andar el polos noventa cando se esfachou contra a avioneta, o que facía increible o seu relato por múltiples razóns qué é doado descubrir.

Desistimos de chegar a ningunha conclusión fiable sobre como chegaría o caderno á mesiña de noite de Indalecio. Aceptámolo como un misterio máis.

Nun primeiro momento pensabamos que sería remitido inmediatamente despois de ser escrito; pero xurdiu outro problema: todo facía supoñer que o seu autor o escribira polo mes de San Xoán, ou sexa: pouco despois de finar a súa estadía neste mundo; e sendo así, ¿como non deu chegado ás mans do destinatario ata o inverno seguinte?

Aínda non tiñamos resolto este enigma cando nos atopamos con outro moito meirande. Tratábase de que, feitas algunas indagacións no xulgado de Verín, soubemos que nel figura un expediente sobresido e aberto aló polo mil novecentos sesenta e tantos sobre a morte dun tal Martiño que finou esmendrellado contra o chan sen que ninguén atinase a explicar de onde caera. Sen dúbida que ese Martiño é o noso,— o de noso é un dicir,—, porque no expediente consta que foi afiador, casado en únicas nupcias, que deixaba viúva e dous fillos maiores de idade.

Tendo como referencia este dato e contando cara atrás, daríanos que o tal Martiño morreu, de todo ou en parte, á idade de cincuenta e cinco anos e iso sí que podería ser, pero entón pasaron beiras de trinta e cinco entre que o enterraron e que recibiu o caderno Indalecio. ¿Parecen moitos anos, non?

Tamén indagamos que sete anos despois de finado Martiño morreu a súa viúva, Edelmira Gutiérrez, con sona de muller moi fiel á memoria do seu home.

A Sabina, polo visto, trasladouse ós montes de León sen deixar máis rastro tras de si ca o seu recordo, que xa comeza a ser lenda e sen tardar converterase en mito, a non ser que a tradición oral sexa asasinada definitivamente. Coido que, de non ser por esa tradición, nin Martiño, nin Indalecio, nin eu mesmo, nin o pobo en xeral poderíamos ter accedido a boa parte das nosas sabenzas, que non sempre teñen que reflectir coñecementos matemáticamente precisos, pois a matemática non deixa moito campo á imaxinación nin á fantasía que viñan formando parte esencial de moitos dos coñecementos que configuran a nosa identidade.

Supонse, aínda que isto é só unha hipótese sen suficientes probas científicas, que, por tolerar mellor a meiga ca Martiño o xarope da levitación, bebera más cantidade e fíxolle efecto máis tempo. Gracias a iso non se esfachou contra o chan e aterrou sen recuperar na totalidade o seu estado natural; pero probablemente desapareceu de xunto do corpo presente do afiador; porque o mesmo podía ter problemas para que o enterrasen en sagrado se a vían a ela moito por arredor do cadáver. Con todo, antes de pecha-la caixa tivo que achegarse a el nalgún momento para meterlle no peto o caderno. ¿E quen di que a Sabina non pretendeu por ese medio redimirse facendo os medios para que outros poidan escarmentar en cabeza allea?

En relación co que pudo pasar nos trinta e pico anos intermedios entre a morte de Martiño e a recep-

ción do seu escrito por Indalecio, só nos aportou un pouco de luz un coengo da catedral de Ourense que nos dixo que eses anos puideron ser de purgatorio e que o tempo da banda de aló non conta coma o tempo da banda de acó.

FIN

# ÍNDICE

	<i>Páx.</i>
PROEMIO .....	5
I.— Ningunha relación persoal é casual .....	9
II.— As noites de treboada preludian amencerces imprevisibles .....	13
III.— A realidade e os soños mestúranse sen proporción fixa. ....	21
IV.— Un dos sentimientos más tráxicos ten que ser sentirse morto e vivo ó mesmo tempo .....	27
V.— O traballo fóra do fogar pode ser unha liberación para a muller, pero tén os seus custos .....	37
VI.— Una bruxa acreditada, e sobre todo se é vidente, pode chegar a ter moita clientela .....	47
VII.— Se un medio morto é capaz de rezar será porque aínda lle queda algo de espírito .....	59
VIII.—As reservas e os silencios nunha conversa tamén son elocuentes .....	67
IX.— As xentes da chamada alta sociedade nunca lles preguntan ós futurólogos polo traballo .....	73
X.— A grandes males, aínda que só sexan males potenciais, hai que aplicar remedios extraordinarios ...	81
XI.— O tempo non dá pasado cando se contan tódalas horas do día e da noite .....	89
XII.— Non se debería asinar nada sen saber primeiro a que compromete .....	101
XIII.—En tódalas historias poden quedar puntos escuros .	109



Rematouse de imprentar nos obradoiros de  
**GRÁFICAS DO CASTRO / MORET**  
no mes de Xuño de 2002





**EDELOS DO CASTRO**  
DA FUNDACIÓN SARGADELOS